# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CPI PLURILINGÜE FONTE DÍAZ

CURSO: 23/24

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 15/11/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR:   15/11/2023

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 17/11/2023

# TÁBOA DE CONTIDO


1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO .... 4

2. HORARIO XERAL DO CPI .... 11

2.1. HORARIO LECTIVO .... 11

2.2. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO .... 11

2.3. HORARIO DE VERÁN .... 12

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS .... 12

3.1. TRANSPORTE ESCOLAR .... 12

3.2. COMEDOR .... 15

3.3. PLAN MADRUGA .... 17

3.4. CAFETERÍA .... 17

4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE .... 17

5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO .... 17

6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .... 18

7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO .... 18

8. PROXECTO EDUCATIVO .... 19

9. CONCRECIÓN CURRICULAR .... 20

10. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO .... 24

11. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BIBLIOTECA .... 28

12. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE LECTURA .... 30

13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL .... 33

14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES .... 34

15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO .... 35

15.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA .... 35

15.2. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE .... 35

15.3. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA .... 36

15.4. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN .... 47

16. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .... 47

16.1. CONSTITUCIÓN DO DO .... 47

16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO. .... 48

16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO ....................................................................................49

16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO ....................................................................................52

17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN BENESTAR E CONVIVENCIA ....................................53

18. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE ....................................................55

19. PLURILINGÜISMO ....................................................................................57

19.1. PROFESORADO RESPONSABLE ....................................................................................57

19.2. SECCIÓNS BILINGÜES/PURIINFANTIL/PLURIBACH/PLURIFP ....................................58

19.3. CENTROS PLURILINGÜES....................................................................................58

19.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES....................................................................................58

19.5. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA...............59

20. PLAN PROXECTA+ ....................................................................................59

21. CONTRATOS-PROGRAMA ....................................................................................61

22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO ...............................62

23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO ...............................................63

24. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO (só centros con FP)...¡Error! Marcador no definido.

24.1. RELACIÓN DE EMPRESAS COLABORADORAS ..................... ¡Error! Marcador no definido.

24.2. CALENDARIO E FASES NAS QUE SE VAIA A DESENVOLVER A ACCIÓN....¡Error! Marcador no definido.

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO ....................................................64

# 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Describiranse os obxectivos para o presente curso académico indicando medidas a desenvolver para a súa consecución, recursos previstos para o efecto, responsables e temporalización. Estes obxectivos deberanse desenvolver a partir dos obxectivos do proxecto de dirección.

1. Promover un centro activo no que teña cabida a a participación dos diferentes membros da comunidade educativa, ao tempo que se impulsa o funcionamento dos órganos de goberno e coordinación de forma dinámica e eficaz, favorecendo a reflexión e o consenso.

2. Seguir mellorando os procesos de organización e xestión do centro co fin de facelos transparentes e acadar a eficiencia.

3. Promover e favorecer a convivencia, o respecto ás persoas, a solidariedade, a non discriminación, a igualdade de oportunidades e de integración, os comportamentos democráticos, participativos e colaboradores. Educar no exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos, na prevención e resolución de conflitos por medios pacíficos en colaboración co Departamento de Orientación e co plan de convivencia do centro.

4. Seguir fomentando a actitude positiva cara ao traballo, o esforzo, a responsabilidade, e a superación de dificultades como medios para mellorar o rendemento académico nas distintas ensinanzas que oferta o centro e reducir o fracaso escolar apoiando ao profesorado en todas aquelas actuacións destinadas a esta fin.

5. Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensino-aprendizaxe.

6. Mellorar o nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado nas distintas etapas do ensino obrigatorio.

7. Apoiar a evolución e a integración do alumnado con maior apacidade e motivación para aprender.

8. Ter en conta a atención á diversidade nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión do centro.

9. Potenciar a orientación académica e profesional do alumnado co fin de organizar, na medida do posible, unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.

10. Impulsar o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación como recurso didáctico no proceso de ensino-aprendizaxe.

11. Potenciar o desenvolvemento do plurilingüísmo como medio para a adquisición da competencia comunicativa do noso alumnado na lingua estranxeira inglés e tamén en Francés.

12. Impulsar a formación permanente do profesorado a innovación pedagóxica e a investigación educativa.

13. Impulsar os hábitos de vida saudables e respectuosos co medio ambiente.

14. Potenciar a función da biblioteca como centro dinamizador de actividades no Colexio.

15. Continuar promovendo a igualdade de mulleres e homes loitando contra toda forma de discriminación por razón de sexo, a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias.

16. Defender e potenciar a cultura e o uso da Lingua Galega.

17. Programar unha oferta diversificada, racional, aberta e flexible de actividades complementarias e extraescolares.
18. Fomentar a implicación das familias involucrándoas no funcionamento do centro e na realización de actividades para conseguir unha formación de calidade e integral.

19. Seguir mantendo unha relación fluída e de traballo colaborativo coa ANPA.

20. Continuar promovendo a mellora das instalacións e equipamentos do centro para adaptalas ás necesidades que se presentan na actualidade.

21. Potenciar as relacións do centro co entorno económico, social e cultural así coma co Concello de Touro, principalmente coas dependencias que están máis directamente relacionadas co ensino: concellaría de educación, servizos sociais, deportes e turismo.

22. Velar polo correcto funcionamento dos servizos de transporte e o comedor escolar como medio imprescindible de integración e cohesión do alumnado nun concello de poboación rural e dispersa como é o noso.

**Medidas que se van desenvolver para a súa execución.**

| OBXECTIVOS | MEDIDAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA A SÚA EXECUCIÓN. |
|---|---|
| 1,2 | - Revisar e actualizar os documentos de xestión xeral do centro.<br>- Revisar o PEC (actualización das NOFC)<br>- Mellorar as actuacións de acollida de profesorado cando chega por primeira vez ao centro. |
| | |

| | |
|---|---|
| 3 | - Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.<br>- Solicitar os contratos programa CPInclúe (CONVIVE-T, IGUÁLA-T, EMOCIONA-T).<br>- Actualización das NOFC.<br>- Seguimento titorial continuado.<br>- Implementación de Programas de habilidades sociais e outros programas recollidos no PAT.<br>- Solicitude do Plan Director. |
| 4,5,6,7,8 | - Identificar e dar resposta axeitada ás dificultades do alumnado en relación á aprendizaxe.<br>- Coordinación e intercambio de información relevante entre as etapas de ed. Infantil, Primaria e Secundaria.<br>- Poñer en práctica medidas de atención á diversidade de carácter tanto organizativo como curricular, ordinarias e/ou extraordinarias, recollidas na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe por parte do alumnado.<br>- Na etapa da Ed. Primaria poñerase especial énfase na atención individualizada ao alumnado, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Entre estes mecanismos de reforzo consideramos o apoio no grupo ordinario por profesorado con dispoñibilidade horaria. Ademais relízase apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe. Nos casos que sexa preciso realizaranse adaptacións do currículo.<br>- Na etapa da Ed. Secundaria aplícanse medidas:<br>    o De carácter ordinario entre outras: desdobramentos de grupos, reforzo educativo (como alternativa a exención á segunda lingua estranxeira) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas e programas de recuperación.<br>    o De carácter extraordinario: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.<br>- Implementación de programas de Hábitos e Técnicas de Estudio contemplados dentro do PAT. |
| 9 | - Implementación dos diferentes programas de orientación académica-profesional recollidos no Plan de Orientación. |
| 10 | - Utilizar e manter actualizada a aula virtual do centro. |

| | |
|---|---|
| | - Dotar ao centro dos medios tecnolóxicos precisos para adaptalo ás necesidades que presenta a educación na moderna sociedade da información.<br>- Realizar formación impartida polo asesor Abalar para sacar o máximo rendemento do uso dos paneis dixitais instalados nas aulas de infantil e 1º,2º,3º e 4º.<br>- Rematar a instalación de puntos wifi no aulario de Ed. Infantil e no ximnasio.<br>- Continuar coa renovación e optimización do funcionamento de equipos informáticos dos departamentos didácticos e outras dependencias do centro.<br>- Renovación de equipos nas aulas de informática da ESO e de primaria.<br>- Animar ao profesorado a participar na liña de formación do PFPP dos Polos Creativos relativa ao Plan Dixital de centro.<br>- Intentar estender o proxecto Edixgal ao 1º curso da ESO. |
| 11 | - Aproveitar ao máximo a figura do Auxiliar de Conversa asignado ao noso centro participando nas aulas de infantil (plurinfantil) primaria e secundaria.<br>- Solicitar a participación en programas de inmersión lingüística.<br>- Continuar co proxecto de cine "Cineclub Touro" dentro do cal se fai viosionado de películas en versión orixinal subtituladas en inglés. |
| 12 | - Fomentara a participación do profesorado no PFPP de centro que este curso conta de novo con dúas liñas de formación diferenciadas; unha relativa aos Polos Creativos dentro do Plan Dixital e a outra adicada á formación en Atención á Diversidade: Alumnado con TEA.<br>- Participación do profesorado nos contratos programa solicitados neste curso: CPINclúe (CONVIVE-T, IGUALA-T, EMOCIONA-T). |
| 13 | - Implementar as liñas de actuación establecidas nos PROXECTA solicitados este curso: "Proxecto Ríos" e "Xogade". |
| 14 | - Participar no desenvolvemento do Proxecto Documental Integrado que este curso está adicado a "O Bosque" como tema que vertebre as diferentes actividades que se realicen no centro incluíndo nas Programacións Didácticas actividades ou proxectos para traballar algún contido relacionado coa temática do PDI.<br>- Programar saídas didácticas relacionadas co bosque.<br>- "O Bosque" será a temática para os disfraces do entroido.<br>- Incluír a temática do PDI no deseño da axenda que o centro entrega ao alumnado ao inicio do curso.<br>- Continuar co desenvolvemento das actuacións recollidas dentro do PLAMBE (Bibliotecas solidarias, Voluntariado) e coa Radio na Biblio. |

| | |
|---|---|
| | - Continuar solicitando o Club de Lectura. |
| 15 | - Aplicar as medidas correctoras e sancionadoras aprobadas nas NOFC para a eliminación de determinados comportamentos sexistas que se poidan producir dentro do recinto escolar entre o alumnado tanto de igual como de diferente sexo (posibles burlas, ameazas, agresións físicas, intimidacións, humillacións, illamentos sistemáticos, insultos...)<br>- Utilizar unha linguaxe inclusiva en todos os ámbitos de actividade do colexio.<br>- Participar nos obradoiros de igualdade promovidos e ofertados polo Concello e a ANPA.<br>- Colaborar activamente en todas as actividades que se realicen dende o EDL ou dende a Biblioteca, para conmemorar o 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller e o 8 de Marzo, Día da Muller.<br>- Continuar coa compilación de material audiovisual e literario necesario para que as titoras, titores e profesorado en xeral poidan traballar a cuestión de xénero nas aulas (anuncios de prensa, programas de TV, filmes, novelas, publicidade en xeral.<br>- Continuar participando na Mesa pola Igualdade (Touro, Boqueixón, Vedra) e na comisión de seguimento do Plan de Igualdade do concello de Touro. |
| 16 | - Implementación das actividades recollidas dentro do "plan anual de potenciación do uso la lingua galega".<br>- Redacción en galego de toda a documentación do centro.<br>- Emprego do galego por parte do equipo directivo en todos os intercambios comunicacionais a nivel de centro, nas reunións dos órganos de goberno e dos órganos colexiados. |
| 17 | - Redacción do Plan Anual de Actividades Extraescolares e Complementarias vinculado ao currículo.<br>- Axendar na páxina web do centro as actividades complementarias previstas no plan anual e aquelas outras que vaian xurdindo ao longo do curso.<br>- Realizar cesión de espazos, previa solicitude de autorización, para que o Concello e a ANPA leven a cabo as actividades extraescolares programadas. |
| 18 | - Manter canles de comunicación e información coas familias: a través da axenda do alumno que o centro entrega nos comezos de curso, a través de circulares, notas informativas, AbalarMóbil, publicacións na páxina web do centro, correo electrónico do centro, reunións xerais coas familias, entrevistas/titorías cos |

| | |
|---|---|
| | titores/as e cos profesores implicados na educación das súas fillas e fillos. |
| 19 | - Comunicación e difusión dende o centro das actividades extraescolares que organiza.<br>- Cesión de espazos do centro para a realización das actividades extraescolares.<br>- Aportación económica por parte da Anpa ao centro para a subvención do seguro escolar e ao transporte para un número determinado de saídas didácticas que realiza o centro.<br>- Continuar co programa “Espertar” en colaboración coa ANPA.<br>- Coordinación entre a presidenta da ANPA e a dirección do centro. |
| 20 | - Solicitar dotación do mobiliario necesario para cubrir novas necesidades nas diversas aulas.<br>- Acometer obras para a dotación de punto wifi no ximnasio.<br>- Solicitar a empresa de limpeza, Limpezas Germania, o decapado e pulido de todo o chan do centro que aínda falta, ademais do resto de tarefas de carácter semestral e anual especificadas no prego de condicións e na propia oferta técnica da empresa.<br>- Solicitar do Concello o mantemento das infraestruturas do centro e o arranxo das deficiencias que lle competen: balado da entrada de primaria, podado de árbores que invaden espazos do centro, drenaxe campo fútbol, drenaxe espazo intermedio entre o patio cuberto e o ximnasio.<br>- Destinar unha parte do orzamento do centro a esas melloras e solicitar da Consellería aquelas que sexan da súa competencia. |
| 21 | - Colaborar co Concello e ca ANPA nas actividades que organicen de temática relacionada coa convivencia, a igualdade e outras relacionadas coa educación en valores.<br>- Cesión de espazos do centro educativo para a realización de actividades organizadas polo concello, tanto para o alumnado do centro como para outros fins (banda de música). |
| 22 | - Manexo correcto das aplicacións de comedores e transporte para manter os datos actualizados.<br>- Difundir as normas de uso dos servizos de comedor e transporte entre os usuarios.<br>- Colaboración co XDR Ulla-Mandeo-Tambre para realizar unha revisión periódica dos menús para tratar de ofrecer unha dieta o máis variada e equilibrada dentro das posibilidades do centro.<br>- Revisión das normas de funcionamento do comedor recollidas dentro das NOFC. |

| | |
|---|---|
| | - Contacto diario co persoal colaborador do comedor para recoller as incidencias diarias e tratar de solucionalas. |

**Recursos previstos para o efecto**.

Para levar a cabo as actuacións previstas no epígrafe anterior será preciso contar coa colaboración e implicación dos seguintes axentes: Profesorado como integrante de equipos educativos de nivel e/ou etapa, dos dptos. Didácticos, a través da súa participación nos órganos de coordinación didáctica e órganos colexiados. Dpto. de Orientación, Equipo directivo, coordinador Edixgal, coordinador TIC, persoal non docente, colaboradoras do comedor, directiva da ANPA, Persoal UACO, educadora familiar e asistenta social dos servizos sociais do Concello, concelleiro de educación, xuventude e deportes do Concello, Mesa pola Igualdade do CIM de Touro Boqueixón e Vedra; membros da Garda Civil que imparten o Plan Director, pais e nais do alumnado. Aula de Teatro do CPI Fonte Díaz.

Contaremos tamén con persoal de gabinetes privados, asociacións ou agrupacións artísticas e musicais, e doutros organismos que imparten obradoiros de temática específica no centro.

O CAFI orientaranos no desenvolvemento das liñas de formación do PFPP do centro.

A Biblioteca do Centro a través do equipo Plambe e colaboradores mediante o seu PDI e o EDL a través dos seus membros e profesorado colaborador son os coordinadores e impulsores de boa parte das actividades complementarias, celebracións e conmemoracións das que figuran no calendario escolar que se realizan no centro.

Será necesario unha serie de recursos tales como os que ofrecen diferentes espazos e instalación do centro: biblioteca, radio na biblio, módulo de talleres, aula do club de lectura e calquera outro espazo do centro que precise algunha actuación sobre él.
Ademais precisaremos empregar recursos materiais tales como:
- Documentos programáticos do centro.
- Mobiliario e material didáctico e deportivo.
- Libros de texto, libros dixitais e materiais curriculares.
- Material audiovisual e informático.

Empregaranse tamén as numerosas aplicación informáticas que a Consellería pon a disposición para a organización e xestión do centro e dos servizos complementarios.

# 2. HORARIO XERAL DO IES

## 2.1. HORARIO LECTIVO

Educación Infantil e Primaria:

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:35-09:45 | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE |
| 9:45 - 10.35 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 10:35 - 11.25 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 11:25 - 11:45 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:45 - 12.35 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 12:35 - 13.25 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 13:25 - 14:25 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:25 - 15:15 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | |
| 15:15 - 15:55 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | |
| 16:05 - 16:15 | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE |

Educación Secundaria:

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:35 - 09:45 | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE | TRANSPORTE |
| 9:45 - 10.35 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 10:35 - 11.25 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 11:25 - 11:45 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:45 - 12.35 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 12:35 - 13.25 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 13:25 - 13:35 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 13:35 - 14:25 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 14:25 - 15:15 | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE | CLASE |
| 15:15 - 15:55 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 15:55 - 16:45 | | | | CLASE | |
| 16:45 - 17:35 | | | | CLASE | |

O alumnado de ESO remata as clases as 16:05 todos os días e é transportado conxuntamente co de Infantil e Primaria agás os xoves que teñen clase pola tarde e sae o transporte as 17:35. Este día os autobuses saen do Colexio ás 16:05 co alumnado de Infantil e Primaria e as 17:35 co alumnado de Secundaria.
Nos meses de setembro e xuño o horario é o habitual de todo o curso, logo de aprobación en Claustro e Consello Escolar, eliminouse a xornada reducida de verán por motivos organizativos e de funcionamento do centro. Esta modificación foi aprobada pola Xefatura Territorial con data do 18/10/2018 e continúa vixente.

## 2.2. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Durante o curso escolar, o centro abrirá as portas ao alumnado ás 09:35 horas, e pechará ás 16:05. O horario de secretaría será de 09:30 a 13:25 (para atención directa ao público) e de 14:25 a 16:05.

## 2.3. Horario de verán

No mes de xullo de 2023, ata o día 16, o horario será de 10:00 a 13:30 horas para atención directa ao público. O resto do mes a secretaría estará aberta os martes no mesmo horario e atenderase no teléfono de contacto que se facilita e do correo electrónico todas as cuestións relacionadas co funcionamento do centro e coa actividade propia da secretaría. No mes de agosto o centro permanece pechado. Dase a circunstancia de que a Conserxe vive na entrada do recinto do centro, encárgase de trasladarnos calquera necesidade ou solicitude que se poida presentar relacionada coa actividade do centro. Asimesmo temos exposto no portalón do recinto o número de teléfono de contacto e o correo electrónico que atendemos a diario os membros do equipo directivo.

# 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

## 3.1. Transporte escolar

Están establecidos 8 rutas que realizan diferentes itinerarios con oito autobuses que transportan a alumnos/as de Ed. Infantil, Primaria e Secundaria. Todas as rutas contan coa figura do acompañante regulamentada no Real Decreto 443/2001, do 27 de abril agás os 5 autobuses que transportan ao alumnado de Secundaria os xoves pola tarde.
Neste curso 2023-2024, das 8 rutas do centro sete dependen da Cª de Infraestruturas e Mobilidade e só unha dependen da Cª de Educación.
Na seguinte ligazón poderán verse os diferentes itinerarios de transporte integrado do CPI Fonte Díaz dependentes da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. A empresa responsable de todas estas rutas é Autocares Rías Baixas.
A única ruta dependente da Cª de Educación é a de Loureiros – Cebreiro- Angomil; e a empresa que realiza o servizo Autocares Peillet.

**Horarios do transporte escolar.**

CHEGADA ao centro: 09:35
SAÍDA do centro:

Luns, martes, mércores e venres as 16:05 as 8 rutas con todo o alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria.
Luns, martes, mércores, xoves e venres, saída as 13:25 do transporte adaptado.
Xoves:
Saída as 16:10 de 5 autobuses co alumnado de Infantil e Primaria.
Saída as 17:40 do alumnado de Secundaria.

Acompáñase imaxe da aplicación de transporte escolar onde aparece detallada toda a información resumida nos apartados anteriores.

Convocatoria de tra

## Datos do centro

### Datos do centro

Código do centro: 15017880

Nome do centro: CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz

Dirección do centro: Rúa Isabel II s/n Touro(A Coruña)

Teléfono do centro: 881867840

Fax do centro: 881867847

Correo electrónico do centro: cpi.fonte.diaz@edu.xunta.gal

### Outros datos do centro

Comedor: Si

Xestión do comedor: Cons. de Educación: directa

Días non lectivos de carácter local: 13/10/2023, 16/05/2024

#### Tipo xornada

| Ensinanza | Xornada |
|---|---|
| Educación infantil | Xornada continua,Xornada partida |
| Educación primaria | Xornada continua,Xornada partida |
| Educación secundaria obrigatoria | Xornada continua,Xornada partida |

### Horario de referencia para transporte escolar

#### Outubro-Maio

| Ensinanza | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| Inf. | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 |
| Pri. | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 |
| ESO | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-17:35 | 09:45-16:05 |

#### Xuño-Setembro

| Ensinanza | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| Inf. | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 |
| Pri. | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 |
| ESO | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-16:05 | 09:45-17:35 | 09:45-16:05 |

## Servizos de transporte xestionados por educación

| Empresa | Contrato | Ruta | Identificador do servizo | Tempada anual | Dobraxe | Sentido | Hora saída | Hora chegada | Días semana | Ensinanzas | Enlaza con |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ESCOLAR GALICIA LOTE 8 | ED1508 | ED150824 / FORTE-BESEÑO - CEBREIRO-ANGOMIL | ED150824_01 | Curso | | Saída | 17:45 | 18:35 | __-__-__-xo-__ | Inf., Pri., ESO | |
| | | | ED150824_02 | Curso | | Saída | 17:45 | 17:05 | __-__-__-xo-__ | Inf., Pri., ESO | |
| | | ED150825 / LOUREIROS - CEBREIRO-ANGOMIL | ED150825_01 | Curso | | Entrada | 09:10 | 09:35 | lu-ma-mé-xo-ve | Inf., Pri., ESO | |
| | | | ED150825_02 | Curso | | Saída | 16:15 | 16:39 | lu-ma-mé-xo-ve | Inf., Pri., ESO | |
| | | | ED150825_03 | Curso | | Saída | 16:15 | 16:30 | lu-ma-mé-xo-ve | Inf., Pri., ESO | |

## Servizos de transporte integrados

| Empresa | Contrato | Ruta | Identificador do servizo | Tempada anual | Sentido | Hora saída | Hora chegada | Días semana | Enlaza con |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| UTE XG-863 LÁZARA-RÍAS BAIXAS | XG863 | XG863011 / Rozas - Ribeira 2 | XG86301101001 | Curso | Saída | 16:07 | 16:52 | __-__-__-xo-__ | |
| | | | XG86301101002 | Curso | Saída | 17:35 | 18:20 | __-__-__-xo-__ | |
| | | XG863012 / Cillobre - Ribeira 2 | XG86301201001 | Curso | Entrada | 09:00 | 09:40 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | | XG86301201002 | Curso | Saída | 16:07 | 16:47 | lu-ma-mé-__-ve | |
| | | XG863014 / Bentin 2 - Forte-Beseño | XG86301401001 | Curso | Entrada | 09:05 | 09:40 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | | XG86301401002 | Curso | Saída | 16:07 | 16:42 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | | XG86301401003 | Curso | Saída | 17:35 | 18:10 | __-__-__-xo-__ | |
| | | XG863015 / Loxo-Cruce Estrada - Barreiriña | XG86301501001 | Curso | Entrada | 09:05 | 09:40 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | | XG86301501002 | Curso | Saída | 16:07 | 16:42 | lu-ma-mé-__-ve | |
| | | XG863016 / Mourelos De Arriba - Barreiriña | XG86301601001 | Curso | Saída | 16:07 | 16:52 | __-__-__-xo-__ | |
| | | | XG86301601002 | Curso | Saída | 17:35 | 18:20 | __-__-__-xo-__ | |
| | | XG863017 / Fao 2 - Lubagueiras | XG86301701001 | Curso | Saída | 16:07 | 16:47 | lu-ma-mé-__-ve | |
| | | XG863018 / Mourelos - Lubagueiras | XG86301801001 | Curso | Saída | 16:07 | 16:52 | __-__-__-xo-__ | |
| | | | XG86301801002 | Curso | Saída | 17:35 | 18:20 | __-__-__-xo-__ | |
| | | XG863019 / Louredela - Vilar-Bama | XG86301901001 | Curso | Entrada | 09:05 | 09:40 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | XG863020 / Louredela - Vilar-Bama | XG86302001001 | Curso | Saída | 16:07 | 16:44 | __-__-__-xo-__ | |
| | | | XG86302001002 | Curso | Saída | 17:35 | 18:12 | __-__-__-xo-__ | |
| | | XG863021 / Mourelos - Coto-Millan | XG86302101001 | Curso | Entrada | 09:10 | 09:40 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | | XG86302101002 | Curso | Saída | 16:07 | 16:37 | lu-ma-mé-__-ve | |
| | | XG863022 / Mourelos De Arriba - Eirexe-Andeade | XG86302201001 | Curso | Saída | 16:07 | 16:32 | lu-ma-mé-__-ve | |
| | | XG863051 / Foxas De Abaixo 1 | XG86305101001 | Curso | Saída | 13:25 | 13:45 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | XG863054 / Fao 2 - Lubagueiras | XG86305401001 | Curso | Entrada | 09:05 | 09:45 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | XG863062 / Mourelos De Arriba - Eirexe-Andeade | XG86306201001 | Curso | Entrada | 09:10 | 09:40 | lu-ma-mé-xo-ve | |
| | | XG863063 / Louredela - Vilar-Bama | XG86306301001 | Curso | Saída | 16:06 | 16:42 | lu-ma-mé-__-ve | |

## 3.2. Comedor

O funcionamento dos comedores escolares regúlase polo Decreto 132/2013 de 01 de agosto (D.O.G. Do 13/08/13) e a instrución 2/2023 do 1 de xuño da secretaría xeral técnica da consellería de educación, universidade e formación profesional sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso 2023 – 2024.
Mantemos ao alumnado de infantil na aula habilitada para comedor durante os dous anos anteriores posto que comprobamos que, en xeral todo o alumnado de 3 a 6 anos e en particular o alumnado con nee desta etapa se ve favorecido estando nun espazo máis acotado, con menos número de persoas e menor nivel de ruído.
O servizo de comedor organízase en dúas quendas:
Na primeira quenda come o  alumnado de educación infantil e primaria, un total de 130 alumnos e alumnas. Da etapa de Infantil 38 alumnos/as son usuarios deste servizo e fan uso da aula próxima ao comedor habilitada provisionalmente para tal fin ao longo dos cursos nos que se aplicaron as restriccións motivadas pola pandemia. Primaria ocupa o comedor. Desta etapa son un total de 92 alumnos que son usuarios do comedor.
Segunda quenda: alumnado de educación secundaria, un total de  75 alumnos e alumnas que ocupan o espazo do comedor ao completo.
Segundo a instrución 2/2023 do 1 de xuño, as prazas autorizadas para o CPI Plurilingüe Fonte Díaz de Touro son 344 prazas de luns a venres. De acordo con esta instrución, fíxose o proceso de adxudicación das prazas de comedor, ademais do proceso de autodeclaración das rendas das unidades familiares coa finalidade de establecer os prezos a abonar, de ser o caso.

Poderán ser usuarios do servizo de comedor:

a) Todo o alumnado matriculado no centro.
b) A Directora, a Mestra responsable do comedor, persoal de cociña e as persoas que colaboren nas tarefas de vixilancia nos días en que presten o citado servizo.
c) O persoal docente e non docente.
d) A auxiliar de conversa e alumnos en prácticas.

No caso de que a demanda sexa superior ás prazas existentes, o consello escolar establecerá as prioridades seguindo a orde establecida no parágrafo anterior.
Na seguinte táboa especifícanse o número de alumnos/as usuarios por nivel educativo.

| Nivel educativo | Abono 4,50 € | Abono 2,5 € | Abono 1€ | Gratuidade | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| E. Infantil | 10 | 1 | 3 | 24 | 38 |
| E. Primaria | 11 | 9 | 9 | 63 | 92 |
| E. Secundaria | 12 | 6 | 5 | 52 | 75 |
| Total | 33 | 16 | 17 | 139 | 205 |

Profesorado e persoal non docente  que empregan o servizo de comedor.

| | Abono 4,50 | Gratuidade |
|---|---|---|
| Profesorado | 23 | 2 |
| Persoal Non docente | 1 | 6 |
| Colaboradoras | | 12 |
| Outros | | |

1.2.- Persoas de atención e vixilancia ao alumnado usuario do comedor escolar.
As persoas que colaboren no comedor desempeñarán as funcións que sinala o artigo 8.5 da Orde de 21/02/2007. No curso actual encárganse do servizo do comedor as seguintes persoas:
Directora: Mª Carmen Rendo López.
Encargada de comedor: Lucía Sevio Barrio.
Colaboradoras: O número de colaboradoras que lle corresponde ao noso comedor é de 12:
8 de atención a Educación Infantil e Primaria
4 para secundaria.
No curso 23–24 prestan os seus servizos como colaboradoras de comedor dende o día 11 de setembro, 12 nais de alumnado escolarizado no centro.

- Barral Vázquez Guadalupe
- Castro Otero Silvia.
- Lamas Balado Patricia.
- López Fernández Mª José.
- Míguez Mirás Eva Mª.
- Mosquera de la Iglesia Pilar.
- Noya Sánchez Eva Mª.
- Quinteiro Ben Begoña.
- Quinteiro Mera Cristina.
- Silva Anido Ana de Fátima.
- Suárez Giadáns Mónica.
- Torres Cárdenas Daniela.

A xornada das coidadoras será entre as 13:00 e 16:05.

As coidadoras serán as responsables do alumnado en Educación Infantil dende que os reciben no comedor ata que os devolven ao comezo das clases da tarde.

Na etapa de primaria serán responsable dende que o alumnado acude ao comedor ás 13:25 e ata que volve a entrar nas clases ás 14:25.

Nos venres en infantil e primaria o seu período de vixilancia será ampliado ata que o alumnado saia do colexio ás 16:05.

No caso do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria terán a súa competencia dende que saen de clase ás 15:15 ata que remata a xornada ás 16:05, agás os xoves que será ata que volven ás clases ás 15:55.

### 3.3. Plan Madruga

| Instalación: AULA DO CLUB DE LECTURA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Entidade que presta o servizo** | **ANPA** | | | | | |
| **Nº alumnos usuarios** | 4º EI: 3 | 5º EI: 4 | 6º EI: 0 | 1º EP: 1 | 2º EP: 1 | 3º EP: 2 |
| | 4º EP: 0 | 5º EP: 3 | 6º EP: 1 | 1º ESO: 2 | 2º ESO: 2 | |
| **Horario de uso** | 08:00 – 09:45 | | | | | |
| **Nome da persoa responsable** | LUCÍA VÁZQUEZ PAZ | | | | | |

### 3.4. Cafetería

O centro non dispón de cafetería.

## 4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

| Nome | Función | Horario |
|---|---|---|
| María Isabel Iglesias García | Administrativa | 9:30 – 17:00 luns, martes e xoves<br>9:30 – 16:45 mércores e venres |
| Rosa Mar Cernadas Sobredo | ATE | 8:45 – 16:15 |
| María Jesús Rodríguez Cao | ATE | 8:45 – 16:15 |
| Lucy Riddle | Auxiliar de conversa | 11:45 – 16:05 luns e xoves<br>9:45 – 16:05 martes e mércores |
| Isabel Aguiar Midón | Conserxe | 8:00 – 14:30/15:30 – 17:00. A maiores está dispoñible para pechar o centro despois das actividades extraescolares |
| Natalia Mella Lodeiro | Cociñeira | 9:30 – 17:00 |
| Isabel Botana Quintás | Axudante cociña | 9:30 – 17:00 |
| Mª Pura Pájaro Fernández | Axudante cociña | 9:30 – 17:00 |
| Mª Carmen Regueiro Mosquera | Axudante cociña | 9:30 – 17:00 |
| Mª Eva Vilares Salvado | Axudante cociña | 9:30 – 17:00 |
| Mª Guadalupe Sánchez Lamas | Limpeza | 16:00 – 21:00 |
| Tania Miranda Martínez | Limpeza | 16:00 – 20:45 |
| Rocío Curros Aguiar | Limpeza | 16:00 – 20:15 |

## 5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

- Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| MARGARITA SANÍN MATÍAS | 1 | Debuxo |

- Actividades complementarias.

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Talleres micófilos | setembro | 5º e 6º de EP | Profesorado EP |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Talleres micófilos | setembro | Toda a ESO | Profesorado ESO |
| Que non te líen, ti elixes | outubro | 3º e 4º ESO | Dpto. Orientación |
| Samagosto | outubro | Ed. Infanti, Primaria e ESO | Profesorado EI,EP,ESO |
| Cinema: o Principiño | outubro | Alumnado francés ESO | Dpto. Francés |
| Teatro Cachirulo | novembro | Alumnado de EP | Profesorado E. P. |
| Conferencia: A física de partículas no s. XXI | novembro | 3º e 4º ESO | Dpto. Física e Q. |
| Conferencia: A complexidade escondida no miúdo | novembro | 2º ESO | Dpto. Física e Q. |
| Conferencia Cibrán | | | |
| Contacontos: Conte avec moi | novembro | Alumnado francés ESO | Dpto. Francés |
| Concerto: Pulcinella e a máscara máxica | decembro | 4º, 5º e 6º de EP | Profesorado EP |
| Saída ao Cine | decembro | 1º,2º,3º,4º,5º e 6º de Primaria | Profesorado EP |
| Casa Grande de Xanceda | 19 de marzo | 1º,2º,3º e 4º | Titoras |
| O Enredo do Abelleiro | 21 de maio | 1º,2º,3º e 4º | Titoras |
| Visita a Santiago de Compostela: Cotolengo, Catedral, outros templos e cociña económica. | 2º trimestre | Alumnado relixión de ESO | Dpto. Relixión |
| Operación quilo | decembro | Toda a comunidade escolar | Dpto. Relixión |
| Canguro matemático | marzo | Alumnado voluntario | Dpto. Matemáticas |
| Visita templos da contorna | 2º trimestre | Alumnado relixión da ESO | Dpto. Relixión |
| Visita obradoiro de gaitas Seivane | 2ª trimestre | 1º ESO | Dpto. Tecnoloxía |
| Visita parque eólico Sotavento | 2º trimestre | 2º e 4º ESO | Dpto. Tecnoloxía |
| Visita centro supercomputación de Galicia | 3º trimestre | 3º ESO | Dpto. Tecnoloxía |
| Visita cultural a Compostela | 2º trimestre | 3º ESO | Dpto.Galego |
| Visita literaria a Compostela | 3º trimestre | 4º ESO | Dpto. Galego |
| Charla: Día das bibliotecas | outubro | Todo o alumnado | C. E. Biblioteca |
| Saída ás Fragas do Eume | 3º trimestre | Clube de lectura | C. E. Bilblioteca |

## 6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Este curso realizaremos a revisión do Plan de Autoprotección. Levarase a cabo a formación do profesorado programada inicialmente para mércores 21 de febreiro. No mes de marzo realizaremos un dos simulacros.

## 7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

- Descrición dos programas.

| **Actividade formativa/programa: Educación Inclusiva: Atención ao alumnado con TEA** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Formación para a atencióna ao alumnado con TEA: Mediadas e recursos que favorecen a atención ao alumnado con TEA. Organización de espazos e tempo. Elaboración de materiais e adaptación da avaliación. | | | | | |
| **Tipo** | ☐ Curso | ☐ Grupo Traballo | ☒ Seminario | ☐ Xornada | ☐ Ponencia | ☐ Taller |
| **Horas: 40** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☐ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | CAFI - SANTIAGO | | | | | |

| | | |
|---|---|---|
| **Participantes** | 10 participantes (31.25%) | Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí ☒ Non ☐ |
| **Nome coordinador** | MARINA MATA RIVAS | |
| **Nome asesor externo** | Mª CARMEN VIEITES SALVADO | |

| **Actividade formativa/programa: Metodoloxía e posibilidades de traballo nun Polo Creativo.** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Funcionamento a nivel técnico dos recursos do Polo Creativo. Achegamento á novas tecnoloxías en torno á dotación. | | | | | |
| **Tipo** | ☐ Curso | ☐ Grupo Traballo | ☒ Seminario | ☐ Xornada | ☐ Ponencia | ☐ Taller |
| **Horas: 40** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☐ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | CAFI - SANTIAGO | | | | | |
| **Participantes** | 10 participantes (31.25%) | | | Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí ☒ Non ☐ | | |
| **Nome coordinador** | DANIEL PEREIRO LÓPEZ | | | | | |
| **Nome asesor externo** | Mª CARMEN VIEITES SALVADO | | | | | |

## 8. PROXECTO EDUCATIVO

Se procede, modificación da oferta de ensinanzas (número de unidades, oferta idiomas, itinerarios, oferta materias libre configuración), modificación de servizos complementarios, modificación das áreas de influencia ou calquera outra modificación que se puidera producir no mesmo.

MODIFICACIÓN DA OFERTA DE ENSINANZAS (HORAS DE LIBRE DISPOSICIÓN E ITINERARIOS)

As 2 horas de libre disposición no curso 23-24 destinadas a incrementar a carga lectiva das materias do 1º curso: 1s. Á Lingua Castelá 1s. A Bioloxía- Xeoloxía. En 2º ESO 1s. En Lingua Galega e 1 s. En Matemáticas.

En 3º de ESO ademais das materias obrigatorias o alumnado elixirá unha materia das ofertadas no seguinte cadro.

| ORDEA AS SEGUINTES MATERIAS POR ORDE DE PREFERENCIA (só se cursará unha delas): | |
|---|---|
| ☐ Educación Dixital | ☐ Francés |
| ☐ Oratoria | ☐ Cultura Clásica |

En 4º de ESO ofrécense os seguintes itinerarios e opcións:

| Escoller unha das tres opcións | Numera según preferencia (so se cursará unha delas) | Escoller unha |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| □ Matemáticas A □ Matemáticas B<br>Tecnoloxía<br>Formación e orientación persoal e profesional<br>Dixitalización | □ Cultura Clásica (se non se cursou en 3º)<br>□ Expresión artística<br>□ Economía e emprend. | □ Relixión<br><br>□ Proxecto Competencial |
| □ Matemáticas A □ Matemáticas B<br>Economía e empredemento<br>Latín<br>Música | □ Francés<br>□ Filosofía<br>□ Expresión artística<br>□ Oratoria (se non se cursou en 3º) | |
| □ Matemáticas B<br>Bioloxía e Xeoloxía,<br>Física e Química<br>Expresión artística | □ Francés<br>□ Tecnoloxía<br>□ Dixitalización | |

## 9. CONCRECIÓN CURRICULAR

- Modificacións que se puideran producir.

Foron modificados no curso actual os apartados **j)** e **k)**.

**j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, promoción e titulación**

1.- AVALIACIÓN NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

A avaliación no segundo ciclo de educación infantil será global, continua e formativa:
a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competenciasclave e o logro dos obxectivos.
b) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
c) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxedo alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa serán os criterios de avaliación que figuran para cada unha das áreas no anexo II do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso

de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das alumnas e dos alumnos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

Na etapa de Ed.Iinfantil poderase solicitar a ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. (Orde 8 setembro de 2021)

## 2.- AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellordos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual comno colectivo.
2. A avaliación na educación primaria será global, continua e formativa:
a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competenciasclave e o logro dos obxectivos.
b) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxeque presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
c) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.
3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.
Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Promoción
1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
2. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.
4. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna oudo alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

3. AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

2. A avaliación na educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora:
a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxeque presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.
c) Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.
3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e ologro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto156/2022, do 15 de setembro.
Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, tendo en conta o regulado nos artigos 28 e 29.
4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Promoción.
1. O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna ou alumno na avaliaciónfinal de cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:
a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación, nas condicións reguladas no artigo 7.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultadesde aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.
Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico personalizado seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.
6. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.
De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto156/2022, do 15 de setembro.
7. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros
ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Titulación.
1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 do Decreto 156/2022, do 15 de xuño, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria . Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.
3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.
4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

**k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

No caso de empate os criterios a seguir para desempatar serán:
- Ter en conta a nota media ata as centésimas.
- Se persiste o empate, considerarase o maior número de materias cualificadas cunha nota igual a 10 no cuarto curso.
- En caso de seguir persistindo o empate terase en conta a nota media superior, aproximada ás centésimas, no 3º curso.
- En caso de seguir persistindo o empate terase en conta a nota media superior, aproximada ás centésimas, no 2º curso.
- En caso de seguir persistindo o empate terase en conta a nota media superior, aproximada ás centésimas, no 1º curso.

## 10. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

| Curso | Materia | Título libro | Editorial | Idioma | Edixgal | ISBN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 4º E.I | Lóxica-matemática | Paso a paso. Nivel 1.Cuaderno 1 | Edelvives | Castelán | Non | 9788414028292 |
| 4º E.I | Lóxica-matemática | Paso a paso. Nivel 1.Cuaderno 2 | Edelvives | Castelán | Non | 9788414028308 |
| 4º E.I | Lóxica-matemática | Paso a paso. Nivel 1.Cuaderno 3 | Edelvives | Castelán | Non | 9788414028315 |
| 4º E.I | Globalizado | Formigas. Que ves? | Edelvives | Galego | Non | 9788490462720 |
| 5º E.I | Lóxica-matemática | Mate + 4 Años | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-5905-1 |
| 6º E.I | Lóxica-matemática | “Paso a paso “ .Nivel 3. Cuaderno 7 | Edelvives | Castelán | Non | 9788414028353 |
| 6º E.I | Lóxica-matemática | “Paso a paso “ .Nivel 3. Cuaderno 8 | Edelvives | Castelán | Non | 9788414028360 |
| 6º E.I | Lóxica-matemática | “Paso a paso “ .Nivel 3. Cuaderno 9 | Edelvives | Castelán | Non | 9788414028377 |
| 1º E.P | Lingua e literatura galega e coñecemento do medio | Imos con todo. Operación mundo (Trimestral) | Anaya | Galego | Non | 978-84-698-9864-2 |
| 1º E.P | Lingua e literatura galega e coñecemento do medio | Imos con todo. Operación mundo (Trimestral) | Anaya | Galego | Non | 978-84-698-9867-3 |
| 1º E.P | Lingua e literatura galega e coñecemento do medio | Imos con todo. Operación mundo (Trimestral) | Anaya | Galego | Non | 978-84-698-9870-3 |
| 1º E.P | Lecturas | O libro feliz 1 | Anaya | Galego | Non | 978-84-698-8106-4 |
| 1º E.P | Lingua e literatura castelá | Comunidad Zoon (Trimestral) | Vicens-Vives | Castelán | Non | 978-84-682-8391-3 |
| 1º E.P | Lecturas | Ensalada Letras 1 | SM | Castelán | Non | 978-84-9182-102-1 |
| 1º E.P | Matemáticas | Comunidad Zoom (Trimestral) | Vicens-Vives | Castelán | Non | 978-84-682-8099-8 |
| 1º E.P | Inglés | Open Up1-Class Book with digital book pack. | Oxford | Inglés | Non | 978-01-940-715-12 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º E.P | Plástica | Arts and Crafts 1 Outside The box P1 SB "Classroom Art Gallery" | Macmillan | Inglés | Non | 978-84-18-65-18-16 |
| 1º E.P | Plástica | Arts and Crafts 1 Outside The box P3 SB "cut and Paste Self-Portrait" | Macmillan | Inglés | Non | 978-84-18-65-18-30 |
| 1º E.P | Relixión e moral católica | Relixión católica EDÉN | SM-Xerme | Galego | Non | 978 849 854 885 3 |
| 2º E.P | Lingua e literatura galega | Comunidade Zoom trimestral | Vicens-Vives | Galego | Non | 978-84-682-9287-8 |
| 2º E.P | Ciencias da Natureza | Comunidade Zoom | Vicens-Vives | Galego | Non | 978-84-682- 9249-6 |
| 2º E.P | Ciencias sociales | Comunidade Zoom | Vicens-Vives | Galego | Non | 978-84-682-9252-6 |
| 2º E.P | Lecturas | O libro feroz | Anaya | Galego | Non | 978-84-698-8108-8 |
| 2º E.P | Lingua e literatura castelá | Comunidad Zoom trimestral | Vicens-Vives | Castelán | Non | 978-84-682-9193-2 |
| 2º E.P | Matemáticas | Comunidade ZOOM trimestral | Vicens-Vives | Castelán | Non | 978-84-682-9184-0 |
| 2º E.P | Lecturas | Ensalada de letras | SM | Castelán | Non | 978-84-9182-157-1 |
| 2º E.P | Inglés | Open Up 2 class Book+ALK with Digital Class Book Pack | Oxford | Inglés | Non | 978-01-94-07-19-87 |
| 2º E.P | Plástica | Arts and Crafts 1 OUTSIDE THE BOX P1 SB "Traditional Crafts" | Mc-Millán | Inglés | Non | 978-84-19-41-73-29 |
| 2º E.P | Plástica | Arts and Crafts 1 OUTSIDE THE BOX P3 SB "Art That Celebrates our Land" | Mc-Millán | Inglés | Non | 978-84-19-41-73-43 |
| 2º E.P | Relixión | Relixión Católic-EDEN | SM-Xerme | Galego | Non | 978-84-19-10-16-93 |
| 3º E.P | Matemáticas | Comunidad ZOOM (trimestral) | Vicens-Vives | Castelán | Non | 978-84-682-8283-1 |
| 3º E.P | Lengua castellana e literatura | Comunidad ZOOM (trimestral) | Vicens-Vives | Castelán | Non | 978-84-682-8394-4 |
| 3º E.P | Lingua galega | Comunidade ZOOM (trimestral) | Vicens-Vives | Galego | Non | 978-84-682-8319-7 |
| 3º E.P | Ciencias sociais | Comunidad Zoom | Vicens-Vives | Galego | Non | 978-84-682-8537-5 |
| 3º E.P | Ciencias da natureza | Comunidad Zoom | Vicens-Vives | Galego | Non | 978-84-682-8533-7 |
| 3º E.P | Inglés | Open Up Class Book with digital book | Oxford | Inglés | Non | 978-01-940-726-18 |
| 3º E.P | Inglés | Open Up activity Book+Alk with digital book | Oxford | Inglés | Non | 978-01-940-723-73 |
| 3º E.P | Plástica | Arts & Crafts 3 Outside the Box P2 Sb "Sculpture for Change" | Mc-Millán | Inglés | Non | 978-84-18-65-18-54 |
| 3º E.P | Plástica | Arts & Crafts 3 Outside the Box P3 Sb "School Logo" | Mc-Millán | Inglés | Non | 978-84-18-65-18-61 |
| 4º E.P | Relixión e moral católica | Relixión católica Edén. | Sm-Xerme | Galego | Non | 978 849 854 8860 |
| 4º E.P | Lingua galega | COMUNIDAD ZOOM (TRIMESTRAL) | Vicens-Vives | Galego | Non | 9788468291949 |
| 4º E.P | Ciencias da natureza | COMUNIDAD ZOOM | Vicens-Vives | Galego | Non | 9788468292502 |
| 4º E.P | Ciencias sociais | COMUNIDAD ZOOM | Vicens-Vives | Galego | Non | 9788468292533 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 4º E.P | Matemáticas | COMUNIDAD ZOOM (TRIMESTRAL) | Vicens-Vives | Castelán | Non | 9788468291857 |
| 4º E.P | Inglés | Open Up 4 Class Book with Digital Class Book | Oxford | Inglés | Non | 978-01-94-07-28-85 |
| 4º E.P | Inglés | Open Up 4 Activity Book+ ALK+ Go Pangea with Digital Activity Book | Oxford | Inglés | Non | 978-01-94-07-26-94 |
| 4º E.P | Plástica | Arts & Crafts 4 Outside the Box P2 Sb "Art to Teach Biodiversity" | Macmillan | Inglés | Non | 978-84-19-41-73-74 |
| 4º E.P | Plástica | Arts & Crafts 4 Outside the Box P3 Sb "Art and Entertainment" | Macmillan | Inglés | Non | 978-84-19-41-73-81 |
| 4º E.P | Relixión católica | Relixión católica EDEN | Sm-Xerme | Galego | Non | 978-84-19-10-17-09 |
| 1º ESO | L. Inglesa | Student´s Book-Network | Burlington | Inglés | Non | 978-9925-30-311-3 |
| 1º ESO | Bioloxía e Xeoloxía | Bioloxía e Xeoloxía | Obradoiro Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-422-7 |
| 1º ESO | Xeografía e Historia | Xeografía e Hª Construíndo mundos. | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-424-1 |
| 1º ESO | Lingua castelá e literatura | Lengua y literatura. Proyecto construyendo mundos | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-4933-5 |
| 1º ESO | Lingua galega e literatura | Lingua e literatura. Serie Construíndo mundos | Santillana Obradoiro | Galego | Non | 978-84-9185-420-3 |
| 1º ESO | Matemáticas | Construyendo mundos | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-8260-8 |
| 1º ESO | Francés | Parcours pour le collègue 1 Livre de l´élève. | Santillana | Francés | Non | 978-84-9049-644-2 |
| 1º ESO | Francés | Parcours pour le collègue 1 Cahier d'activités | Santillana | Francés | Non | 978-84-9049-647-3 |
| 1º ESO | Proyecto competencial | Igualdad de géneros ECOS (Objetivo Desarrollo sostenible 5) | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-5952-5 |
| 1º ESO | Relixión | Religión católica 1 | Anaya | Castelán | Non | 978-84-143-0994-0 |
| 2º ESO | Física e Química | Construyendo mundos | Santillana | Castelán | Non | 978-84-144-2479-7 |
| 2º ESO | L. Inglesa | Student`s Book - Network 2 | Burlington | Inglés | Non | 978-9925-30-319-9 |
| 2º ESO | Francés | Parcours pour le collège 1.Pack élève | Santillana | Francés | Non | 978-84-9049-644-2 |
| 2º ESO | Francés | Parcours pour le collègue 1. Cahier d'activités | Santillana | Francés | Non | 978-84-9049-647-3 |
| 2º ESO | Xeografía e Hª | Xeografía e Historia | Vicens Vives | Galego | Non | 978-84-682-8793-5 |
| 2º ESO | Música | Dueto I | Teide | Castelán | Non | 978-84-307-7473-9 |
| 2º ESO | Proyecto competencial | Salud y bienestar ECOS(Objetivo Desarrollo Sostenible 3) | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-5948-8 |
| 2º ESO | Lingua castelá e literatura | Lengua castellana e literatura | Vicens Vives | Castelán | Non | 978-84-682-9311-0 |
| 2º ESO | Lingua galega e literatura | Lingua e literatura (Proxecto construíndo mundos) | Obradoiro-Santillana | Galego | Non | 978-84-918-5673-3 |
| 2º ESO | Matemáticas | Construyendo mundos | Santillana | Castelán | Non | 978-84-144-0865-0 |
| 2º ESO | Relixión católica | Relixión Católica | Anaya | Galego | Non | 978-84-143-2879-8 |
| 3º ESO | L. Inglesa | Student´s Book – Network 3 | Burlington | Inglés | Non | 978-9925-30-327-4 |
| 3º ESO | Bioloxía e Xeoloxía | Bioloxía e Xeoloxía | Obradoiro Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-397-8 |
| 3º ESO | Física e Química | Física e Química | Santillana | Castelán | Non | 978-84-1440-005-0 |
| 3º ESO | Xeografía e Historia | Xeografía e Historia | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-425-8 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3º ESO | Música | Música | Teide | Castelán | Non | 978-84-307-7474-6 |
| 3º ESO | Educación en valores | Educación en valores | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-7870-0 |
| 3º ESO | Lingua castelá e literatura | Proyecto construyendo mundos | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-4950-2 |
| 3º ESO | Lingua galega e literatura | Serie Construindo mundos | Santillana Obradoiro | Galego | Non | 978-84-9185-421-0 |
| 3º ESO | Matemáticas | Construyendo mundos | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-4955-7 |
| 3º ESO | Francés | Parcours pour le collègue 2 Livre de l´élève | Santillana | Francés | Non | 978-84-9049-645-9 |
| 3º ESO | Francés | Parcours pour le collègue 2 Cahier d'activités | Santillana | Francés | Non | 978-84-9049-648-0 |
| 3º ESO | Proyecto competencial | Acción por el clima ECOS (Objetivo desarrollo sostenible 13) | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-5947-1 |
| 3º ESO | Relixión | Religión católica 3 | Anaya | Castelán | Non | 978-84-143-0998-8 |
| 4º ESO | Física e Química | Física e Química (Construyendo mundos) | Santillana | Castelán | Non | 978-84-144-4873-1 |
| 4º ESO | Francés | Parcours pour le collège 3 Pack élève. | Santillana | Francés | Non | 978-84-9049-646-6 |
| 4º ESO | Francés | Parcours pour le collègue 3 Cahier d'activités. | Santillana | Francés | Non | 978-84-9049-650-3 |
| 4º ESO | Latín | Construyendo mundos | Santillana | Latín | Non | 978-84-680-5004-1 |
| 4º ESO | Bioloxía e Xeoloxía | Bioloxía e Xeoloxía | Sm-Xerme | Galego | Non | 978-84-1910-166-2 |
| 4º ESO | L.Inglesa | Student´s Book-Network 4 | Burlington | Inglés | Non | 978-9925-30-335-9 |
| 4º ESO | Xeografía e Historia | Xeografía e Historia | Vicens-Vives | Galego | Non | 978-84-682-9519-0 |
| 4º ESO | Economía | Economía y emprendimiento | Anaya | Castelán | Non | 978-84-143-2917-7 |
| 4º ESO | Música | Dueto Plus | Teide | Castelán | Non | 978-84-307-5667-4 |
| 4º ESO | Lingua castelá e literatura | Lingua castelá e literatura | Vicens - Vives | Castelán | Non | 978-84-682-9312-7 |
| 4º ESO | Lingua galega e literatura | Lingua galega e literatura | Obradoiro-Santillana | Galego | Non | 978-84-918-5672-6 |
| 4º ESO | Proxecto competencial | Ciudades y comunidades sostenibles (Objetivo Desarrollo Sostenible 11) | Santillana | Castelán | Non | 978-84-680-7192-3 |
| 4º ESO | Formación e Orientación Personal y Profesional | Formación y orientación personal y profesional 4 ESO | McGraw Hill | Castelán | Non | 978-84-486-3876-4 |
| 4º ESO | Relixión Católica | Relixión Católica | Anaya | Galego | Non | 978-84-143-2883-5 |
| 4º ESO | Matemáticas A | Revuela | SM | Castelán | Non | 978-84-985-6465-5 |
| 4º ESO | Matemáticas B | Construyendo mundos | Santillana | Castelán | Non | 978-84-144-4877-9 |

# 11. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BIBLIOTECA

Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Susana Villamor Lamas | 1 | Ed. Infantil e Primaria-Relixión Católica |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| Carmen Castro Balboa | | Ed. Primaria-Mestra |
| Carmen Fernández | | E.S.O.-Física e Química |
| Laura Fernández | | Ed. Infantil-Mestra |
| María José Furelos | | Ed. Primaria-Mestra |

- Horario:

| Horarios funcionamento biblioteca | |
|---|---|
| Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo | Todos os días nos recreos. Ademais. Luns de 15:15 a 16:05; mércores de 10:35 a 11:25, de 11:45 a 12:35 de de 15:15 a 16:02; xoves de 10:35 a 11:25, de 11:45 a 12:35 de de 15:15 a 16:05 e os venres de 09:45 a 10:35 |
| Horario de apertura en horario non lectivo | Non está aberta fóra do horario lectivo. |
| Horario para a coordinación de biblioteca | Os mércores de 12:35 a 13:25 |

- Indicar se forma parte do Plan de mellora de bibliotecas escolares e ano de inicio no mesmo. Formamos parte do Plan de mellora das bibliotecas escolares dende o ano 2017.
- Orzamento asignado á biblioteca: 2500 €.

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo: Fomentar do uso dos crebacabezas, xogos matemáticos e outros xogos lóxicos, así como a incorporación de novos xogos.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Compra, catalogación, colocación dos xogos na biblioteca. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Fan de uso dos crebacabezas nos recreos e tempos de lecer.** | | |
| **Responsables** | Coordinadora da biblioteca, profesoras de garda durante os recreos. | | |
| **Recursos e materiais** | Crebacabezas, xogos matemáticos e lóxicos. | | |

| **Obxectivo: Manter e actualizar do blog, as páxinas de Facebook, Twitter, Instagram e da canle de YouTube, como se veu facendo ata o de agora.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Publicación nas distintas redes sociais das distintas actividades que se leven a cabo ao longo do curso. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Actualiza o blog e as redes socias cada vez que se desenvolve unha actividade relacionada coa biblioteca.** | | |
| **Responsables** | Coordinara da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Ordenador da biblioteca,  portátil e teléfono móbil. | | |

| **Obxectivo: Publicar, como ata agora, dos boletíns, guías de recomendacións, vídeos e novidades.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Realización de guías con recomendacións lectoras. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Elabora, ao remate de cada trimestre, unha guía con recomendacións lectoras.** | | |
| **Responsables** | Coordinadora da biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Ordenador. | | |

| **Obxectivo: Desenvolver obradoiros de formación de usuarios e usuarias para axudalas a descubrir/redescubrir o espazo da biblioteca, coñecer as normas de uso e comportamento na mesma, coñecer os fondos e servizos que oferta, reforzar a idea da biblioteca como centro de recursos, identificar os distintos tipos de documentos, coñecer a situación e clasificación dos fondos, utilizar as obras de consulta, e iniciar/desenvolver estratexias de busca documental (ALFIN).** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Posta en marcha dun obradoiro para formar aos usuarios e usuarias, así como ao alumnado voluntario, sobre o funcionamento na biblioteca. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Realiza o obradoiro de formación de usuarios e usuarias ao comezo de curso.** | | |
| **Responsables** | Coordinadora da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Ordenador. | | |

| **Obxectivo: Convocar concursos e xogos.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Convocatoria, con motivo de celebracións como o Samagosto ou o Nadal, de concursos e xogos variados. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Pon en marcha concursos e participación do alumnado nos mesmos.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Materiais variados. | | |

| Obxectivo: Cara unha biblioteca inclusiva. | | | |
|---|---|---|---|
| Acción 1 | Lecturas compartidas | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| Indicador | **O alumnado participa activamente nos "apadriñamentos lectores".** | | |
| Responsables | Equipo da biblioteca | | |
| Recursos e materiais | Lecturas axeitadas ao alumnado receptor. | | |
| Acción 2 | Dotación equilibrada para ampliar a oferta de material de distintos niveis de dificultade e material visual e sensorial adaptado ao noso alumando. | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| Indicador | **Adquire material axeitado ao longo do curso.** | | |
| Responsables | Coordinadora da biblioteca. | | |
| Recursos e materiais | Dotación económica. | | |

| Obxectivo: Desenvolver de actividades de dinamización da biblioteca dentro e fóra do centro. | | | |
|---|---|---|---|
| Acción 1 | Deseño e desenvolvemento de actividades dinamizadoras con motivo das distintas celebracións ao longo do curso. | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| Indicador | **Deseña actividades motivadoras, participación da comunidade educativa.** | | |
| Responsables | Equipo da biblioteca. | | |
| Recursos e materiais | Materiais diversos. | | |

| Obxectivo: Potenciar unha  participación activa das familias. | | | |
|---|---|---|---|
| Acción 1 | Proposta de actividades que impliquen a participación das familias. | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| Indicador | **Participan nas actividades propostas.** | | |
| Responsables | Equipo da biblioteca. | | |
| Recursos e materiais | Materiais diversos. | | |

## 12. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE LECTURA

- Accións e actividades para desenvolver os obxectivos establecidos no plan de lectura.

| Obxectivo: Adquirir o material que o profesorado demande para o desenvolvemento do Proxecto lector no seu ámbito. | |
|---|---|
| Acción 1 | Adquisición de material axeitado aos diferentes ámbitos e niveis. |
| | Temporalización |

| | 1º T | 2º T | 3º T |
|---|---|---|---|
| **Indicador** | **Renova os fondos da biblioteca con frecuencia.** | | |
| **Responsables** | Coordinadora da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Dotación económica. | | |

| **Obxectivo: Continuar coa catalogación.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Catalogación dos novos fondos e continuar coa catalogación dos fondos xa existentes. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Catalogan todos os fondos que se van adquirindo ao longo do curso.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Ordenador. | | |

| **Obxectivo: Entregar de Pasaportes lectores.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Entrega de pasaportes lectores ao alumnado para que rexistren todas as lecturas levadas a cabo ao longo do curso | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Entregan os pasaportes debidamente cubertos.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Pasaportes elaborados polo equipo da biblioteca. | | |
| **Acción 2** | Entrega de pasaportes cun itinerario lector no que se inclúen libros de distintos xéneros, todos relacionados co PDI de centro, O bosque. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Entregan os pasaportes debidamente cubertos.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Pasaportes temáticos. | | |

| **Obxectivo: Poñer en marcha concursos e certames de creación literaria/artística para o alumando.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Convocatoria de concursos literarios con motivo do Samagosto e o Nadal. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Participan con obras de creación propia.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible | | |

| **Obxectivo: Organizar de exposicións monográficas ou de centros de interese: banda deseñada, festividades, biografías, temáticas variadas.** | |
|---|---|
| **Acción 1** | Preparación de exposicións na biblioteca con temática interesante para o alumnado. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| **Indicador** | **Visitan as exposicións montadas na biblioteca e participan con elaboracións propias.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible. | | |

| **Obxectivo: Encontros con autores.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Organización de visitas de autores. | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| **Indicador** | **Visitas de autores.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos humanos. | | |

| **Obxectivo: Desenvolver actividades de fomento da lectura.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Posta en marcha das mochilas viaxeiras para todo infantil e primaria. | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| **Indicador** | **Participa todo o alumnado na actividade.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Mochilas e libros de distintos xéneros e idiomas. | | |
| **Acción 2** | Posta en marcha da Hora de Ler en secundaria | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| **Indicador** | **Participa todo o profesorado e o alumnado de secundaria.** | | |
| **Responsables** | Equipo da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Libros. | | |
| **Acción 3** | Posta en marcha do Club de lectura "Lectour@s" para o alumnado de Secundaria | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T | 2º T | 3º T |
| **Indicador** | **Participa un alto porcentaxe do alumnado.** | | |
| **Responsables** | Coordinadora da biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Libros. | | |

# 13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

- Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| DANIEL PEREIRO LÓPEZ | 0 | Tecnoloxía |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| LUIS RICO PERNAS | | EF |
| FERNANDO SIMAL IGLESIAS | | MATEMÁTICAS ESO |
| CARMEN CASTRO BALBOA | | TIITORA 2º PRIMARIA |
| ASUNCIÓN ALLER ALAMANCOS | | F. INGLESA PRIMARIA |
| GONZALO IGLESIAS FERNÁNDEZ | | MÚSICA PRIMARIA |

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo: Formación e emprego dos paneis interactivos** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Solicitude de formación nalgunha liña do PFPP. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Número de profesores/as que empregan os paneis interactivos | | |
| **Responsables** | Equipo directivo + Coordinador TIC | | |
| **Recursos e materiais** | CAFI. Paneis dixitais. | | |
| **Acción 2** | Formación presencial e/ou telemática con relator especializado | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Número de profesorado que participa na formación. | | |
| **Responsables** | Equipo TIC | | |
| **Recursos e materiais** | Formador TIC. Aula virtual do centro. Dispositivos do centro. | | |
| | | | |
| **Obxectivo: Actualizar e elaborar novos contidos dixitais por parte do profesorado** | | | |
| **Acción 1** | Solicitude e realización de cursos e/ou busca de información sobre a creación de contidos dixitais e continuación do PFPP nalgunha liña relacionada coa dixitalización | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Número de recursos creados por profesor/a polo 30% do profesorado | | |
| **Responsables** | Equipo directivo + Coordinador TIC. CAFI. Mentor ADIX | | |
| **Recursos e materiais** | CAFI. Dispositivos do centro. Recursos E-dixgal. | | |

| **Obxectivo: Informar e concienciar á comunidade educativa das vantaxes e riscos do uso das novas tecnoloxías** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Realización de charlas, talleres , obradoiros por persoal formado na temática. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de actividades realizadas acerca do uso responsable das novas tecnoloxías. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo + Equipo TIC+Dpto. de Orientación | | |
| **Recursos e materiais** | Ponentes especialistas na materia. Responsable Plan Director. Internet | | |

## 14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

| **Nome Coordinador/a** | **Horas redución** | **Nivel/Especialidade** |
|---|---|---|
| | | Seleccione |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| | | Seleccione |
| | | Seleccione |
| | | Seleccione |
| | | Seleccione |

| **Obxectivo: Incrementar a práctica deportiva do alumnado de Primaria e Secundaria do CPI.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Participar no programa XOGADE dentro da modalidade de cross. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Número de alumnado que participa nesta competición. | | |
| **Responsables** | Luis Rico Pernas, Asunción Aller Alamancos, Gonzalo Iglesias Fernández, Raquel López Miramontes, Paco Yáñez Calviño, Mª Carmen Rendo López. | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos que pon á disposición a Sª Xeral para o Deporte a través do programa "XOGADE" | | |
| **Acción 2** | Participar en competicións intercentros nas modalidades de bádminton e voleibol | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de alumnado participante | | |
| **Responsables** | Luis Rico Pernas, Asunción Aller Alamancos, Gonzalo Iglesias Fernández, Raquel López Miramontes, Paco Yáñez Calviño. | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos que pon á disposición a Sª Xeral para o Deporte a través do programa "XOGADE": Transporte. Instalacións do centro organizador. Material deportivo do centro organizador e dos participantes. | | |

# 15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

## 15.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Rocío López Reyes. | 2 | Educación Infantil |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| Susana Villamor Lamas. | | Relixión Católica |
| Daniel Asorey Vidal. | | LG |
| Rosa Mª Cernadas Sobredo. | | Persoal non docente |
| Arón Seoane Blanco. | | Alumno |
| Mara Gómez Tarrío. | | Alumna |
| María Rodríguez Maroño. | | Alumna |

## 15.2. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

Durante o curso 2022/23 foron moitas as actividades que se desenvolveron no noso centro baixo un denominador común: deseñar un repertorio de actividades de dinamización sociolingüística tendo en conta a realidade na que nos asentamos e os recursos do centro.
Así mesmo tamén nos propuxemos aumentar as capacidades lingüísticas do alumnado, a maioría galego-falante, empregando para iso soportes audiovisuais, que lles fixo asumir niveis de lingua aos que non están afeitos permitíndolles desbotar ideas preconcibidas sobre a lingua.
Tamén nos propuxemos recuperar as festas e as nosas tradicións culturais(Magosto, Samaín, Xogos Populares, Nadal, Entroido, Letras Galegas, Maios...)salientando a súa vertente normalizadora.
Teño que dicir que foron moitas as actividades levadas a cabo grazas a boa sintonía dun profesorado entusiasta e un alumnado moi fácil de motivar, sobre todo cando se convocaron concursos.
A implicación das familias cando se solicita a súa colaboración tamén é moi alta, colaborando en actividades como foron o curso pasado na recollida de palabras e expresións para o dicionario "Dixéchemo...xa non te acordas", en colaboración co C.P.I. Camiño de Santiago.
Gustaríame destacar que foi moi importante a súa colaboración para a exposición que titulamos Resistencia, sobre a época de Francisco Fernández del Riego. As familias mandaron fotos da memoria popular do século XX acompañadas dunha ficha de recollida de datos, por exemplo, palleiras, hórreos, apeiros de labranza, carros, muíños, adros de igrexa, palcos da festa, fontes, lavadoiros, pétos de ánimas, cruceiros, oficios...
Ata nos trouxeron obxectos que puxemos na nosa exposición.
Así puidemos montar a nosa exposición para que a visitarán todos os cursos e unha vez recollida coas fichas fixemos un libro que quedou depositado na biblioteca do centro para futuras consultas.
O sinal de identidade do noso equipo é desde fai uns anos, Movealingua, páxina en aberto no Facebook, na que compartimos as actividades que levamos a cabo e que

é seguida maioritariamente polas familias. Tamén contamos cunha páxina de Instagram, creada fai tres cursos, a petición do alumnado da E.S.O. e que tivo moi boa acollida entre estes, sendo seguidores da páxina maioritariamente alumnos/as, comentando as publicacións ou dándolle a gústame.

Celebramos actos como a Semana da Igualdade, Semana da muller, Semana da Paz, Mes do libro, Mes das Letras Galegas. Todas estas actividades planificámolas conxuntamente co Equipo de Biblioteca, existindo moi boa sintonía entre ambos equipos e sendo moi doado planificar as actividades.

Realizamos unha reunión semanal do EDL, no que está como membro a coordinadora da biblioteca, aínda que hai veces que nos quedan cousas no tinteiro por falta de tempo.

Tamén nos reunimos mensualmente co resto do equipo e o alumnado integrante durante o recreo. Cabe destacar que nos aportan moitas actividades e ideas que lles gustaría realizar. O único inconveniente é que os vinte minutos de recreo se nos quedan escasos para estas reunións co alumnado.

Entre as propostas de mellora que nos propoñemos para este curso están as seguintes:

1. Seguir aumentando os fondos da biblioteca do colexio.
2. Seguir elaborando materiais didácticos en galego incidindo naqueles que posibiliten unha máis rápida integración lingüística do alumnado procedente do estranxeiro.
3. Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades internas do centro que favorezan a dinamización.
4. Seguir colaborando co concello e con outras entidades e institucións na realización de actividades conxuntas.
5. Realizar actividades conxuntas con outros centros da comarca.
6. Seguir realizando visitas didácticas e culturais para coñecer o contorno natural e cultural de Galicia.
7. Planificar actividades para que o alumnado da E.S.O. vaia ás aulas de infantil e primaria realizalas. Esta proposta xa se iniciou fai uns cursos e é moi gratificante para todos.
8. Aproveitar a radio do colexio para facer algún programa de radio na nosa lingua, como foi o curso pasado no caso de 3º de primaria e 5º de educación infantil.
9. Abrimos a posibilidade de crear un blog.

## 15.3. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

<table>
<tr><td colspan="4">Obxectivos: Conseguir que o galego sexa visto como un instrumento útil no ámbito científico. Dominar a linguaxe científica e técnica da nosa lingua. Valorar o galego como lingua de ciencia e o emprego que dela fan científicos da nosa terra.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Acción 1</td><td colspan="3">Mes da Ciencia en Galego.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Temporalización</td></tr>
<tr><td>1º T ☒</td><td>2º T ☐</td><td>3º T ☐</td></tr>
<tr><td>Indicador</td><td colspan="3">Exposición de cogomelos. A participación do alumnado da E.S.O. é alta.</td></tr>
<tr><td>Responsables</td><td colspan="3">EDL e Departamento de ciencias.</td></tr>
<tr><td>Recursos e materiais</td><td colspan="3">Para a exposición de cogomelos, o alumnado da E.S.O. sairá coa profesora de bioloxía na contorna do centro recollelos e logo empregarán diversos materiais didácticos para a súa clasificación e catalogación no noso idioma. Tamén se empregarán os materiais funxibles necesarios para a montaxe da exposición e a creación de carteis sobre a ciencia</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | en galego. Esta exposición será visitada por todos os cursos do colexio, como unha das actividades previstas dentro da temática do noso PDI deste curso, o bosque. Nas diferentes titorías traballáranse os cogomelos, achegándonos as súas partes e coñecendo diferentes tipos e usos.<br>Publicaremos nas redes sociais do noso equipo fotos da exposición:<br>www.instagram.com/movealinguatouro e www.facebook.com/movealingua. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 2** | Mes da Ciencia en Galego. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Videoconferencias para o alumnado da E.S.O. Participarán os alumnos dos cursos de 2º, 3º e 4º da E.S.O., sendo unha actividade moi motivadora para eles. | | |
| **Responsables** | EDL e Departamento de ciencias. | | |
| **Recursos e materiais** | Haberá dúas videoconferencias, unha para o alumnado de 3º e 4º da E.S.O. titulada: "A física de partículas no século XXI", impartida polo Dr. Diego Martínez Santos, premio 2013 ao mellor físico novo de Europa.<br>A outra videoconferencia será para o alumnado de 2º da E.S.O. e titularase "A complexidade escondida no miúdo". Esta será impartida pola Dª Mónica Cartelle Gestal.<br>Precisaremos un ordenador e conexión a internet, así como unha pizarra dixital.<br>Normalmente estas actividades lévanse a cabo na aula de audiovisuais do colexio.<br>Publicaremos nas redes sociais do noso equipo fotos da videoconferencia:<br>www.instagram.com/movealinguatouro e www.facebook.com/movealingua. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Obxectivos:** Gozar cos costumes do magosto coñecendo os froitos típicos da época, con especial referencia ao castiñeiro e as castañas. Coñecer o significado do Samaín e do Magosto na cultura popular e a maneira de celebralos. Iniciarse no coñecemento de personaxes de medo propios da nosa terra: Santa Compaña, home do saco...Crear textos literarios na nosa lingua empregando técnicas propias da narrativa de terror. | | | |
| **Acción 1** | Samagosto. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Elaboración de materiais sobre o samaín e a castaña. Estes materiais serán elaborados polos membros do EDL e EB. | | |
| **Responsables** | EDL e Equipo de Biblioteca(EB). | | |
| **Recursos e materiais** | Elaboración de materiais sobre a historia do **Samaín** e sobre a **importancia da castaña**. Precisaremos libros de consulta e tamén empregaremos enlaces ás páxinas web interesantes nesta temática e que nos sexan útiles. Parte destes materiais serán expostos e valorados nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |
| **Acción 2** | Samagosto. | | |
| | **Temporalización** | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 1º T ☒ | 2º T ☐ | 3º T ☐ |
| **Indicador** | Convocatoria dun concurso literario de narracións de terror para o alumnado da E.S.O. A participación do alumnado nesta actividade é media, pero os que participan adoitan crear uns relatos de terror ben interesantes e cunha presentación moi elaborada. | | |
| **Responsables** | EDL e Equipo de Biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Convocatoria dun concurso literario de narracións de terror. Os gañadores serán publicados nas nosas páxinas (www.instagram.com/movealinguatouro e www.facebook.com/movealingua). Será necesario material funxible, ordenador e conexión a internet e un móbil, así como os agasallos para o concurso. O único requisito é que a narración de terror sexa en galego e poden escribir ou debuxar á man ou empregar o ordenador para escribir e ilustrar os seus relatos. | | |
| **Acción 3** | Samagosto. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☐ | 3º T ☐ |
| **Indicador** | Exposición de cabazas, espigas e castañas adornadas coa temática do bosque. O grao de participación e implicación das familias nesta actividade é case do 100%. Podemos dicir que esperan ano tras ano para facer as súas creacións con moito entusiasmo e motivación. | | |
| **Responsables** | EDL e Equipo de Biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Exposición de cabazas, espigas e castañas adornadas coa temática do PDI do noso centro, o bosque e publicación das imaxes nas nosas páxinas (www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro). A temática deste curso do PDI é o bosque, por esta razón propuxemos converter as cabazas en casas encantadas do bosque e cabazas do bosque. Serán necesarios cabazas, landras, espigas, castañas, noces, piñas, así como os materiais que o alumnado precise para a súa elaboración. Para a exposición elaboramos uns banderíns nos que a titulamos como Samagosto e diferentes adornos para a súa decoración (pantasmas, mórcegos, bruxas…). Empregamos os materiais funxibles necesarios para a súa creación así como teas para a decoración. | | |
| **Acción 4** | Samagosto. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☐ | 3º T ☐ |
| **Indicador** | Elaboración dun recetario con elementos do bosque. A participación do alumnado coa colaboración das familias é alta. | | |
| **Responsables** | EDL. Equipo de Biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | O alumnado na casa coas súas familias cubrirá unha ficha de recollida dunha receita elaborada con elementos do bosque e do outono que acompañará ilustrando con fotos. Con todas as fichas que nos cheguen elaboraremos un libro que estará na biblioteca do colexio como libro de consulta. Compartiremos algunhas receitas nas nosas redes sociais: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |
| **Acción 5** | Samagosto. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☐ | 3º T ☐ |
| **Indicador** | Celebración do Samagosto no colexio. A participación do alumado e o profesorado é moi alta e a colaboración das familias tamén. | | |

| | |
|---|---|
| **Responsables** | EDL, Equipo de Biblioteca, e toda a comunidade educativa. Departamento de Educación Física. |
| **Recursos e materiais** | O día 31 de outubro celebraremos o noso tradicional Samagosto no que comeremos castañas, que traerán os alumnos/as das súas casas. Tamén virán caracterizados con disfraces de Samaín os alumnos que o desexen. Ese día realizaremos xogos tradicionais para os que empregaremos materiais de psicomotricidade, así como castañas, noces, avelás. Compartiremos fotos nas nosas redes sociais: (www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro). |

**Obxectivos:** conseguir que o galego estea presente no tema da erradicación da violencia de xénero. Asociar o galego como lingua dos contidos transversais. Valorar o galego como lingua na que realizar reivindicacións e na que loitar pola igualdade. Relacionar a defensa do galego coa defensa da xustiza e a loita contra calquera tipo de discriminación.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Semana da igualdade. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Canción: "Depende dos dous". Participarán todos os cursos do colexio, sendo traballada esta canción en todas as titorías e tamén na clase de música. | | |
| **Responsables** | EDL, Equipo de Biblioteca, Departamento de música e os titores/as. | | |
| **Recursos e materiais** | O día 25 teremos un acto común de todas as etapas educativas no que cantaremos a canción mencionada anteriormente coa que traballaremos os obxectivos citados. O mestre de música e os titor de 6º de primaria serán os encargados de poñerlle melodía á canción empregando para iso diferentes instrumentos. Tamén empregaremos o equipo de son e o micrófono. | | |
| **Acción 2** | Semana da igualdade. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Manifesto do 25 de novembro. Elaborado polos alumnos integrantes do EDL e coa colaboración do Departamento de Orientación. | | |
| **Responsables** | Alumnos/as do EDL, EDL, Departamento de Orientación e Equipo de Biblioteca. | | |
| **Recursos e materiais** | Os alumnos membros do EDL tiveron a idea de escribir un manifesto para o 25 de novembro. Este manifesto lérase no acto común de celebración do 25 N. Compartiremos imaxes e vídeos nas nosas redes sociais: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |

**Obxectivos:** conseguir que o galego estea presente nestas datas, que dan a benvida ao inverno, a través dos escritos, da creación plástica e da recompilación de panxoliñas. Posibilitar a integración lingüística e cultural do alumnado estranxeiro, en base ao coñecemento das nosas tradicións. Fomentar as competencias lingüísticas tanto no emprego da lingua escrita, nos concursos literarios, coma a oral, na recompilación de panxoliñas e cantares de reis.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | O Nadal e o Inverno. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Recoller datos sobre a celebración do Nadal noutros países. | | |
| **Responsables** | EDL, Equipo de Biblioteca, mestre de música e os titores/as. Todos os departamentos. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Recursos e materiais** | Recollida de datos sobre a celebración do Nadal noutros lugares ou países. Serán colgados nas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro .<br><br>Serán necesarios libros de consulta así como páxinas web de interese. Tamén poderán empregarsr fotografías. | | |
| **Acción 2** | O Nadal e o Inverno. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Participar no concurso de postais e adornos reciclados sobre o inverno e no concurso de decoración das portas coa temática do bosque e na que esconderemos algún personaxe do nadal galego . O grao de participación do alumnado nesta proposta é moi alto. | | |
| **Responsables** | EDL. Equipo de Biblioteca. Os titores/as. | | |
| **Recursos e materiais** | Os alumnos/as de todas as titorías participarán no concurso de postais para felicitar o nadal ás familias. O alumnado de infantil e o de 1º e 2º de primaria serán os encargados de realizar os debuxos para a postal e os alumnos do resto dos cursos de primaria inventarán os poemas, que obrigatoriamente terán como tema o bosque. Os debuxos e os poemas gañadores recibirán un agasallo (libro en galego), ademais levaranse á imprenta e felicitarase aos pais de todos os nenos/as. Para a realización dos debuxos poderán empregarse diversos materiais funxibles.<br><br>Para a realización dos adornos e a decoración das portas terán que usarse materiais de refugallo e tamén poderán empregar elementos do bosque como follas, landras, castañas.<br><br>Compartiremos fotos nas nosas páxinas www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro . | | |
| **Acción 3** | O Nadal e o Inverno. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Recompilar panxoliñas e cantares tradicionais de reis por parte do EDL. | | |
| **Responsables** | EDL. | | |
| **Recursos e materiais** | CDs, material dixital, páxinas web... | | |
| **Acción 4** | O Nadal e o Inverno. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Explicar tradicións galegas como a figura do Apalpador. | | |
| **Responsables** | EDL e os titores/as. | | |
| **Recursos e materiais** | Libros, contos, lendas, cancións sobre o Apalpador... | | |

| **Obxectivos: fomentar o "empoderamento" da lingua galega ao ligala con valores de xustiza e igualdade. Achegar ao alumnado a importancia da Paz como valor baseado na xustiza e no respecto. Valorar a creatividade lingüística no noso idioma. Fomentar as competencias lingüísticas ligadas coa creación do galego literario.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Semana da Paz. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Visualizar documentais e películas sobre o tema da paz e a non violencia. A participación das distintas titorías está asegurada coa implicación dos titores/as. | | |
| **Responsables** | EDL, Equipo de Biblioteca e mestra de relixión. | | |
| **Recursos e materiais** | Películas, documentais, recursos dixitais, ordenador, pizarra dixital... | | |
| **Acción 2** | Semana da Paz. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Cantar e bailar un poema da paz con visionado de imaxes de Galicia. A participación das diferentes titorías será alta, agradecendo a colaboración do mestre de música. | | |
| **Responsables** | EDL, Equipo de Biblioteca, mestre de música e mestra de relixión. | | |
| **Recursos e materiais** | Reprodutor de música, pizarra dixital , ordenador...<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro . | | |

| **Obxectivos: achegar ao alumnado a unha tradición moi arraigada na nosa cultura. Coñecer os costumes de varias parroquias do noso concello como Fao ou Bama, dentro do Entroido do Ulla.<br>Reforzar as competencias lingüísticas do galego oral coa creación de regueifas e atranques.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | O Entroido. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Elaborar traxes de xenerais e xeneralas nas aulas e explicar o significado do traxe. As titorías que se animen a participar ben seguro estarán moi motivadas. | | |
| **Responsables** | EDL e os titores e as titoras. | | |
| **Recursos e materiais** | Materiais funxibles, (disfraces, cartolinas, folios, fotocopias, pinturas, telas), libros, ordenador e páxinas web... | | |
| **Acción 2** | O Entroido. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Crear materiais e ligazóns que permitan coñecer a celebración do Entroido en distintos lugares e vilas de Galicia. A coordinadora do equipo en colaboración co profesor de galego serán os encargados desta labor, asumíndoa con entusiasmo. | | |
| **Responsables** | EDL e Departamento de Galego. | | |
| **Recursos e materiais** | Material multimedia, ordenador, conexión a internet...<br>Todas estas ligazóns farémolas nas nosas redes sociais para que as poidan visualizar toda a comunidade educativa: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro . | | |
| **Acción 3** | **1º T ☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |

| | |
|---|---|
| **Indicador** | Desfilar en comparsa polas rúas de Touro e recitar as coplas que se elaborarán nas distintas aulas. A participación de toda a comunidade educativa é moi alta. Agardamos ano tras ano con entusiasmo o noso desfile de entroido. |
| **Responsables** | EDL, Departamento de Galego e titores/as. |
| **Recursos e materiais** | Disfraces, instrumentos, pancartas...<br>Compartiremos fotos do desfiles nas nosas redes sociais: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro . |

| **Obxectivos: achegar ao alumnado a figura de Rosalía e a súa obra de xeito lúdico. Reforzar as competencias literarias coa creación e recitado de poemas.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Aniversario de Rosalía de Castro. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Todas as titorías participarán nas actividades que se propoñan desde AELG. | | |
| **Responsables** | EDL, Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, ASPG. Distintos Departamentos (especialmente Plástica e Tecnoloxía e Equipo da Biblioteca). Colaboración de todas as etapas educativas. | | |
| **Recursos e materiais** | En función das actividades que AELG propoña e dea a coñecer alá polo mes de febreiro teremos que empregar uns recursos ou outros, non podendo especifícalos agora nesta addenda.<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro | | |
| **Acción 2** | Aniversario de Rosalía de Castro. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | O día do aniversario temos como tradición no noso centro xantar ese día o caldo de Gloria e a torta-aniversario de Rosalía, acompañada dun marcapáxinas cun poema da autora. A implicación da mestra responsable do comedor e o persoal de cociña é alta. Agradecemos enormemente a súa implicación e colaboración. | | |
| **Responsables** | EDL, encargada do comedor e persoal de cociña. | | |
| **Recursos e materiais** | Persoal de cociña, útiles para cociñar, alimentos, cartolinas, impresións, folios...<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |

| **Obxectivos: coñecer a vida e obra de mulleres e a repercusión que tiveron na cultura, sociedade e historia de Galicia e do mundo. Potenciar a lingua galega como canle da igualdade, a través do seu emprego á hora de coñecer a figura de mulleres e a súa loita a prol dun mundo mellor.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Semana da muller. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Participarán todas as titorías nas actividades coa implicación dos mestres/as titores. | | |
| **Responsables** | Distintos Departamentos. Colaboración de todas as etapas educativas. EDL. EB. | | |
| **Recursos e materiais** | Carteis, murais coa obra e vida de distintas mulleres. Estes carteis han servir para nomear as aulas con distintos nomes de muller. Serán escollidos por etapas educativas. Empregaremos os materias funxibles que sexan necesarios así como os libros de consulta e investigación e páxinas web.<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro | | |
| **Acción 2** | Semana da muller. | | |

| | Temporalización | | |
|---|---|---|---|
| | 1º T ☐ | 2º T ☒ | 3º T ☐ |
| **Indicador** | Participarán todas as titorías nas actividades coa implicación dos mestres/as titores.<br>Elaboración de material multimedia sobre algunha das mulleres escollidas. | | |
| **Responsables** | EDL. EB. Titores/as. Departamento de tecnoloxía. | | |
| **Recursos e materiais** | Ordenador, páxinas web, internet...<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |

| **Obxectivos:** coñecer a importancia do libro galego como medio de transmitir a cultura dun pobo.<br>Valorar a repercusión que tiveron os libros na cultura, sociedade e historia de Galicia .<br>Potenciar a lingua galega como canle de cultura.<br>Potenciar as competencias lingüísticas, tanto a oral na exposición dos contidos dos libros coma na escrita. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Mes do libro. | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T as☐ | 2º T ☐ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | Participarán todos os cursos de infantil e os voluntarios da biblioteca de primaria. “Lemos ti”. Esta actividade ten unha alta participación por parte do alumnado, resultándolles altamente motivadora e o alumnado de infantil está moi contento de que sexan os voluntarios os que lles conten os contos. | | |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca. EDL. Os distintos departamentos. | | |
| **Recursos e materiais** | Os alumnos/as voluntarios da biblioteca lerán libros en galego para o alumnado de educación infantil. Se é posible farase nos espazos exteriores do colexio. Precisaremos contos en galego que nos días previos se lles entregarán aos voluntarios para que poidan familiarizarse con eles.<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |
| **Acción 2** | Mes do libro. | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T ☐ | 2º T ☐ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | A participación do alumnado é moi alta. | | |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca. EDL. Titores/as. | | |
| **Recursos e materiais** | Realización de colgadoiros para as portas e marcapáxinas con lemas en galego.<br>Empregaremos os materiais funxibles que sexan necesarios(cartolinas, folios de cores, rotuladores, papeis de cores...). | | |
| | | | |
| **Acción 3** | Mes do libro. | | |
| | Temporalización | | |
| | 1º T as☐ | 2º T ☐ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | A participación das distintas titorías é moi alta. | | |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca. EDL. Departamento de Lingua. | | |
| **Recursos e materiais** | Exposición nun mural nas aulas dos libros favoritos dos alumnos. Nunha cartolina ou en papel continuo debuxarán as portadas dos seus libros favoritos e escribirán o título.<br>Empregaremos os materiais funxibles que sexan necesarios.<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |

<table>
<tr><td colspan="4">Obxectivos: coñecer a vida e obra de Luisa Villalta e a repercusión que tiveron na cultura, sociedade e historia de Galicia. Potenciar a literatura galega como medio para manifestar sentimentos. Valoración da cultura popular en lingua galega.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Acción 1</td><td colspan="3">Mes das Letras Galegas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Temporalización</td></tr>
<tr><td>1º T as☐</td><td>2º T ☐</td><td>3º T ☒</td></tr>
<tr><td>Indicador</td><td colspan="3">O EDL realizará ligazóns as súas páxinas.</td></tr>
<tr><td>Responsables</td><td colspan="3">EDL. Equipo de Biblioteca. Departamento de Lingua.</td></tr>
<tr><td>Recursos e materiais</td><td colspan="3">Recollida de información sobre a escritora homenaxeada(soporte impreso ou dixital). Realizar ligazóns dende as nosas páxinas (www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro) a aqueles recursos máis interesantes. Precisaremos libros de consulta sobre Luisa Villalta, ordenador, conexión a internet, páxinas web...<br><br>Todas estas ligazóns farémolas nas nosas redes sociais para que as poidan visualizar toda a comunidade educativa: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro .</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Acción 2</td><td colspan="3">Mes das Letras Galegas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Temporalización</td></tr>
<tr><td>1º T ☐</td><td>2º T ☐</td><td>3º T ☒</td></tr>
<tr><td>Indicador</td><td colspan="3">As distintas titorías participarán na creación de carteis sobre a escritora homenaxeada.</td></tr>
<tr><td>Responsables</td><td colspan="3">EDL. Equipo de Biblioteca. Departamento de Lingua. Departamento de Plástica.</td></tr>
<tr><td>Recursos e materiais</td><td colspan="3">Para a creación dos carteis empregáranse os materiais funxibles que sexan precisos. Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Acción 3</td><td colspan="3">Mes das Letras Galegas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Temporalización</td></tr>
<tr><td>1º T ☐</td><td>2º T ☐</td><td>3º T ☒</td></tr>
<tr><td>Indicador</td><td colspan="3">O alumnado do grupo de teatro do noso centro representará para todos os niveis do colexio unha obra de teatro en galego no mes de maio, como xa é tradición no noso colexio.</td></tr>
<tr><td>Responsables</td><td colspan="3">EDL. Grupo de teatro do colexio e o seu mestre.</td></tr>
<tr><td>Recursos e materiais</td><td colspan="3">Teas, material de atrezo, equipo de son , luces, disfraces...</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Acción 4</td><td colspan="3">Mes das Letras Galegas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Temporalización</td></tr>
<tr><td>1º T ☐</td><td>2º T ☐</td><td>3º T ☒</td></tr>
<tr><td>Indicador</td><td colspan="3">O alumnado da E.SO. implicárase na realización desta actividade coa colaboración do profesor de galego.</td></tr>
<tr><td>Responsables</td><td colspan="3">EDL. Equipo de Biblioteca. Departamento de Lingua.</td></tr>
<tr><td>Recursos e materiais</td><td colspan="3">Traballos nas aulas da E.S.O. sobre lecturas da autora homenaxeada e sobre a importancia de contar cunha literatura viva. Libros de lectura da escritora homenaxeada. Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="4">Obxectivo: fomentar o emprego do galego nas redes sociais e facer visibles todas as propostas normalizadoras que se fagan no centro, achegando as que se fagan fóra.<br>Usar as TICS como outro recurso innovador na formación e uso do galego cos nenos/as.</th></tr>
<tr><td rowspan="3">Acción 1</td><td colspan="3">Redes sociais. Movealingua. Administración das páxinas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Temporalización</td></tr>
<tr><td>1º T as☒</td><td>2º T ☒</td><td>3º T ☒</td></tr>
<tr><td>Indicador</td><td colspan="3">Esta actividade realízase durante todo o curso levando o peso dela a coordinadora do EDL.</td></tr>
<tr><td>Responsables</td><td colspan="3">EDL.</td></tr>
<tr><td>Recursos e materiais</td><td colspan="3">Precisamos un ordenador, móbil, conexión a internet...<br>Trataremos de manter actualizadas as nosas redes sociais durante todo o curso, non sempre dispoñendo do tempo necesario para tal fin. Teño que dicir que Movealingua é a fiestra pola que nos abrimos a toda a comunidade educativa. No Facebook superamos os 1000 seguidores e en Instagram contamos con case 300 seguidores.<br>Tamén recompilaremos material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Ardora, Javaclic, blog…).<br>Estes son os enlaces as nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="4">Obxectivos: servir de instrumento normalizador e dinamizador da lingua e da cultura galega.</th></tr>
<tr><td rowspan="3">Acción 1</td><td colspan="3">Colaboración coa biblioteca.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Temporalización</td></tr>
<tr><td>1º T as☒</td><td>2º T ☒</td><td>3º T ☒</td></tr>
<tr><td>Indicador</td><td colspan="3">O grao de colaboración entre os dous equipos é moi alto existindo moi boa sintonía entre ambos.</td></tr>
<tr><td>Responsables</td><td colspan="3">EDL. Equipo de Biblioteca.</td></tr>
<tr><td>Recursos e materiais</td><td colspan="3">Todos os que precisemos para as actividades que se propoñan como os que citamos a continuación:<br>1. Dotación de materiais audiovisuais de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.<br>2. Recompilación de páxinas webs interesantes para o alumnado en lingua galega (por exemplo wikipedia en galego, blogs de centros…)<br>3. Elaboración de arquivos da memoria ( microtoponimia, memoria oral de feitos ocorridos no contorno, relatos lendas, oficios tradicionais, así como de parte do patrimonio propio da zona). Parte deste arquivo está a disposición da comunidade na páxina do colexio baixo o epígrafe: “A memoria dos días”.<br>4. Recompilación de material de tradición oral: cancións, coplas, contos populares, regueifas, adiviñas, refráns, supersticións, tradicións… da zona. Os datos recollidos serán colgados nas páxinas de facebook e instagram Movealingua.<br>5. Mantemento do PANEL DA LINGUA. Espazo dedicado ás novas sobre a lingua recollidas nos xornais e nas publicacións de internet. O panel terá expresión en Movealingua, aparecerán diferentes aspectos da cultura: artigos, publicacións, novidades editoriais, premios, contos, exposicións, presentacións literarias, teatro, cine…, e todas aquelas iniciativas en defensa da lingua.<br>6. Adquisición de material didáctico en galego, ampliación dos fondos do centro, tanto para o asesoramento lingüístico e científico como para as bibliotecas de aula e de uso común. Mercarase material de consulta, literatura infantil, contos, material audiovisual, música tradicional, películas en galego, material multimedia...</td></tr>
</table>

| Obxectivos: Participar en actividades lúdicas que fomente entre o alumnado o uso do galego, así como o coñecemento do entorno máis próximo | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Relación e colaboración con outras entidades. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Participamos en todas as actividades que nos propoñen dende as diferentes asociacións e entidades. | | |
| **Responsables** | ANPA, Concello, asociacións, Política Lingüística. Coordinadora Comarcal ENDL de Santiago, a Coordinadora Galega de ENDL, así como A Mesa pola Normalización Lingüística, Galegolab ou Prolingua. | | |
| **Recursos e materiais** | Os que sexan necesarios para as actividades que se propoñan desde as diferentes entidades e asociacións.<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |

| Obxectivos: compartir novas sobre a lingua recollidos nos xornais e nas publicacións de internet. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Mantemento do panel da lingua. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☐** | **2º T ☒** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | EDL. Equipo de Biblioteca. Departamento de galego. | | |
| **Recursos e materiais** | O panel terá expresión en Movealingua, aparecerán diferentes aspectos da cultura: artigos, publicacións, novidades editoriais, premios, contos, exposicións, presentacións literarias, teatro, cine…, e todas aquelas iniciativas en defensa da lingua.<br>Está dirixida a todas as titorías (Infantil, Primaria e Secundaria), e a todo o profesorado, e desenvolverase ao longo de todo o curso.<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |

| Obxectivos: potenciar a lingua galega como medio de comunicación. Potenciar as competencias lingüísticas á hora de crear programas de radio. Conseguir que o galego sexa visto como un instrumento útil no ámbito comunicativo. Valorar o galego como lingua de comunicación e o emprego que dela fan os comunicadores. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Programas de radio en galego. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | A participación das diferentes titorías é alta. | | |
| **Responsables** | EDL. Equipo de Biblioteca. Departamento de galego. Titores/as. | | |
| **Recursos e materiais** | Ordenador, internet, equipo de radio do colexio, programas como o audacity para a montaxe do programa, páxina web do colexio para subilo, páxinas web sobre os temas de actualidade que se vaian tratar no programa para investigar...<br>Compartiremos imaxes nas nosas páxinas e na web do colexio:<br>www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |

| **Obxectivos: potenciar o coñecemento biográfico e literario de autores ilustres galegos, a través da súa lectura.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Visita de escritores ou ilustradores. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Nos últimos cursos tratamos de traer diferentes escritores para abarcar a todos os niveis e titorías do colexio. A visita de escritores sempre é un motivo de ledicia para o alumnado do colexio que pode coñecer aos autores dos contos e libros que len. | | |
| **Responsables** | EDL. Equipo de Biblioteca. Departamento de lingua. | | |
| **Recursos e materiais** | Os recursos que sexan precisos para desenvolver a visita e que precisen os escritores, normalmente pizarra dixital, conexión a internet, micrófono, equipo de son, exposición dos libros do escritos cos que contamos no colexio.... Os escritores recibirán a remuneración acordada. No caso de non cobrar recibirán como mostra de agradecemento un agasallo.<br>Compartiremos imaxes das visitas dos escritores nas nosas páxinas: www.facebook.com/movealingua e www.instagram.com/movealinguatouro. | | |

| **Obxectivos: fomentar o "empoderamento" da lingua galega ao ligala con valores literarios. Valorar a creatividade lingüística no noso idioma. Fomentar as competencias lingüísticas ligadas coa creación do galego literario.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Visita de museos de Galicia(Lugo, Cidade da Cultura...) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T as☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | As distintas titorías realizarán saídas didácticas a diversos museos de interese. Estas visitas son moi proveitosas e teñen unha alta participación por parte do alumnado. | | |
| **Responsables** | EDL. Equipo de Biblioteca. Departamento de lingua. Titores/as. | | |
| **Recursos e materiais** | Entradas ás museos, no caso de non ser gratis. Autobús para o desprazamento. Os materiais necesarios para a preparación previa da saída. | | |

### 15.4. Modificacións na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería competente en materia de educación

Non se realizou ningunha modificación.

## 16. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 16.1. Constitución do DO

| **Nome Xefe/a** | |
|---|---|
| Marina Mata Rivas | |
| **Nome membros** | **Nivel/Especialidade** |
| Vanesa Rilo Mera, sustituída na actualidade por Fátima Brandariz Barral | PT |
| Mª del Carmen Rendo López | PT |
| Raquel López Miramontes | AL |
| Carmen Lages Padín | LC |

| | |
|---|---|
| Carmen Fernández Bouza | FQ |
| Mª José Iglesias Vázquez | Coordinadora etapa EI |
| Flores Cao González | Coordinadora 1º ciclo EP |
| Mª José Furelos Dios | Coordinadora 2º ciclo EP |
| Francisco Chouza Mata | Coordinador 3º ciclo EP |

## 16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Para elo terase en conta a memoria do curso anterior, as actas das sesións de avaliación e a información da anterior etapa educativa e dos orientadores escolares As referencias ao alumnado deben ser xerais, non nominais.

Na análise de necesidades iniciais do centro educativo, tómase como base o seguinte:

- Propostas recollidas na memoria do Dpto. de Orientación.
- Información recollida nas sesións de avaliación (final do curso pasado e inicial do presente curso académico).
- Reunións con equipo directivo, D.O., profesorado-titor, profesionais do Concello e familias.
- Observación directa do centro e das súas características.

Trala recollida de información, establécense catro ámbitos de actuación nos que se identifican as seguintes necesidades:

- **Necesidades relativas ao alumnado:**
  - ✓ Fomentar a autonomía persoal e a asunción de responsabilidades.
  - ✓ Previr as dificultades específicas de aprendizaxe que presenta o alumnado e potenciar as súas fortalezas.
  - ✓ Adaptación ás normas sociais, sobre todo na etapa de Educación Infantil.
  - ✓ Procurar técnicas para manter a atención, identificar aspectos máis importantes da información, reter e organizar a información, simbolizar e abstraer.
  - ✓ Adquisición de rutinas diarias de realización de tarefas académicas, de estudo diario e de tempo de sono.
  - ✓ Informar e asesorar no relativo á orientación académica e profesional.

- **Necesidades relativas ao profesorado:**
  - ✓ Asesoramento en canto a medidas de atención á diversidade.
  - ✓ Axuda na detección de fortalezas e potencialidades do alumnado.
  - ✓ Formación continua.

- **Necesidades relativas ao centro e ao entorno:**
  - ✓ Optimización dos escasos recursos para ofrecer unha atención á diversidade de calidade.
  - ✓ Traballo coordinado cos centros e servizos do contorno (IES ao que estamos adscritos, UACO, EOE, servizos sociais, e servizos de saúde).

- **Necesidades relativas ás familias:**
  - ✓ Implicación das familias nas actividades que organiza o centro e o DO.

- ✓ Asesoramento e establecemento de pautas de actuacións comúns.

## 16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

MEDIDAS ORDINARIAS:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade **aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación**, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade implementadas no presente curso académico atópanse:

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro** (horarios, agrupamentos, espazos) **e da organización e xestión da aula ás características do alumnado** e ás necesidades reais do centro.
- **Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado**: os distintos departamentos didácticos teñen en conta as características particulares do noso alumnado na elaboración das correspondentes programacións.
- **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación:** no transcurso do curso, lévase a cabo unha revisión dos instrumentos, estratexias e criterios de avaliación tendo en conta, sobre todo, as posibles necesidades específicas de apoio educativo que se poidan presentar no centro (con necesidade de adaptar os instrumentos de avaliación ou a metodoloxía, por exemplo, con probas orais ou aumentando o tempo destas), tomando en consideración a aplicación dos diferentes protocolos (en concreto, e maioritariamente o *Protocolo de de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario* e o *Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe*).
- **Aula de atención educativa e convivencia** como actuacións destinadas á mellora da convivencia: dirixidas a atender ao alumnado que impida o normal desenvolvemento do traballo no grupo-clase por presentar condutas disruptivas.
- **Desdobramentos de grupos:** distribución do alumnado dunha clase en dous grupos, en aulas diferentes e con profesorado diferente, para traballar determinadas materias. Durante este curso académico, implementada en <u>2º da ESO</u> nas materias de: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, matemáticas, xeografía e historia e física e química.
- **Reforzo educativo:** é implementado polo propio profesorado con aquel alumnado que ten certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación...). Lévase a cabo nas tres etapas educativas: infantil, primaria e ESO, concrétase nas sesións de avaliación trimestrais e así vai reflexado no boletín de notas.
- **Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:** organizado e estruturado pola xefatura de estudos na etapa de primaria.
- **Exención da 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º da ESO:** o alumnado que presenta dificultades, en particular nas materias lingüísticas, estará exento de cursar a materia

de 2ª lingua estranxeira. En 1º da ESO o alumnado recibe reforzo lingüístico e en 2º da ESO recibe reforzo de matemáticas.

No marco da CCP, decidiuse no curso 18-19 que, ademais dos criterios establecidos na lexislación vixente, estará exento de cursar a segunda lingua estranxeira en 1º de ESO, o alumnado con dúas linguas suspensas en 6º de primaria ou con elas aprobadas con reforzo educativo. O resto do alumnado cursará a 2ª lingua estranxeira podendo aplicarse a exención logo da decisión adoptada polo equipo docente na xunta de avaliación inicial.

- **Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar:** os plans de reforzo de materias pendentes lévanse a cabo segundo os criterios establecidos en cada Dpto. Didáctico.
- **Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso:** este curso académico temos 4 alumnos/as repetidores/as na etapa da ESO, 1 por curso. Dito plan é elaborado pola persoa titora en coordinación co profesorado implicado nas materias correspondentes.
- **Programa de habilidades e competencias sociais:** incluído nos anexos do Plan do Departamento de Orientación (art. 24 do Decreto 8/2015).

<u>MEDIDAS EXTRAORDINARIAS</u>:

Consideranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas **as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que pode requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.** Aplicaranse logo de ser esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.
Entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade implementadas no presente curso académico atópanse:

- ADAPTACIÓNS CURRICULARES:
  As Adaptacións Curriculares **son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo**; van **dirixidas ao alumnado con NEE** e, excepcionalmente, ao restante alumnado con NEAE.
  Durante o presente curso académico, distribúense do seguinte xeito:
  - 4º EP: unha alumna con currículo adaptado nas materias de lingua castelá, lingua galega, lingua estranxeira (inglés), matemáticas, ciencias sociais e ciencias naturais.
  - 2º ESO: un alumno con currículo adaptado nas materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, lingua estranxeira (inglés), matemáticas, física e química e xeografía e historia.

- APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE:
  As especialistas do departamento do orientación, xunto coa orientadora, unha vez analizadas as necesidades do curso anterior e as emerxentes no presente (cos datos da avaliación inicial), estableceron o horario de atención ao alumnado con NEAE. Porén, ao longo do curso poden darse altas e baixas na atención ao alumnado por parte das especialistas.

**Apoio de Pedagoxía Terapéutica (especialista Primaria):**

- Educación Infantil: 2 alumnos/as con apoio dentro e fóra da aula.
- Educación Primaria:
  - 4º EP: 2 alumnos/as con apoio dentro e fóra da aula (un con AC).

**Apoio de Pedagoxía Terapéutica (especialista Secundaria):**

- Educación Infantil: 2 alumnos/as con apoio dentro e fóra da aula.
- Educación Primaria:
  - 1º EP: 1 alumno con apoio dentro da aula.
  - 2º EP: 1 alumna con apoio dentro da aula.
  - 3º EP: 3 alumnos/as con apoio dentro da aula.
  - 6º EP: 2 alumnos con apoio dentro da aula.
- ESO:
  - 1º ESO: 3 alumnos/as con apoio dentro da aula.
  - 2º ESO: 1 alumno con apoio fóra da aula (con AC).

**Apoio de Audición e Linguaxe:**

- Educación Infantil: apoio individualizado a 4 alumnos e realización de programa de estimulación da linguaxe oral cun pequeno grupo de alumnado.
- Educación Primaria: apoio individualizado
  - 1º EP: 2 alumnos/as.
  - 2º EP: 1 alumna.
  - 3º EP: 1 alumno.
  - 4º EP: 2 alumnos/as.
- ESO: apoio individualizado
  - 2º ESO: 1 alumno.

➢ FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL:

Durante este curso académico levouse a cabo a ampliación dun curso escolar en 6º de Educación Infantil para un alumno con NEE.

➢ ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO:

O alumnado procedente do estranxeiro ten a condición de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

Durante o presente curso académico, contamos no centro coas seguintes incorporacións de alumnado estranxeiro nas tres etapas educativas:

- Educación Infantil: 1 alumno procedente de Santa Lucía.
- Educación Primaria: 1 alumno procedente de Santa Lucía, e 2 alumnos procedentes de Bélxica.
- ESO: 1 alumna procedente de Bélxica, 1 alumno procedente do Brasil e 1 alumno procedente de Mauritaria.

GRUPO DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS:

Posto que en todos os casos de alumnado estranxeiro existe descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, estableceuse grupo de adquisición das linguas nas etapas de Primaria e ESO, atendido por profesorado con dispoñibilidade horaria.

### 16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

| SEGUIMENTO | | |
|---|---|---|
| **MAD** | **Momento** | **Responsable** |
| ORDINARIAS | | |
| ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS | Inicio e final de curso.<br>Mediante os procedementos que se reflictan en cada programación. | - Profesorado de materia.<br>- Departamentos Didácticos. |
| ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN | Tan pronto coma se detecten as dificultades.<br>Seguimento nas avaliacións trimestrais.<br>Segundo o establecido nos diferentes protocolos (se é o caso). | - Profesorado de materia.<br>- Coñecemento do profesorado titor e a familia. |
| REFORZO EDUCATIVO | Tan pronto coma se detecten as dificultades.<br>Seguimento nas avaliacións trimestrais.<br>Segundo o establecido nos diferentes protocolos (se é o caso). | - Profesorado de materia.<br>- Coñecemento do profesorado titor e a familia. |
| PLAN DE REFORZO PENDENTES (ESO) | Ao longo do curso tal e como se estableza no plan de cada materia. | - Departamentos Didácticos. |
| PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO REPETIDORES (ESO) | En cada sesión de avaliación trimestral. | - Persoa titora.<br>- Coas indicacións do profesorado da materia. |
| EXTRAORDINARIAS | | |
| ADAPTACIÓNS CURRICULARES | Ao longo do curso.<br>Nas sesións de avaliación trimestrais. | - Profesorado de materia.<br>- Dpto. de Orientación. |
| APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA PT/AL | Ao longo do curso.<br>Reunións semanais os venres de 12:35 a 13:35 h. no Dpto. de Orientación.<br>Sesións de avaliación trimestrais. | - Profesionais especialistas.<br>- Orientadora. |
| GRUPO DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS | Ao longo do 1º trimestre.<br>Sesión de avaliación trimestral. | - Profesorado do grupo de adquisición de linguas.<br>- Persoa titora.<br>- Dpto. de Orientación.<br>- Xefatura de Estudos. |

Tal e como se decidiu en claustro inicial de curso, as reunións mensuais de seguimento, ao igual que o resto de reunións que teñan lugar fóra do horario lectivo ao longo do curso levaranse a cabo os <u>mércores pola tarde</u>.

Na medida do posible, procurarase facilitar a asistencia do profesorado implicado nas diferentes medidas de atención á diversidade, concertando as reunións de seguimento en horas libres ao longo da mañá.
Outros mecanismos de coordinación son: a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica, a coordinación coa xefatura de estudos, a coordinación coas familias a través tanto do profesorado titor como do DO, e a coordinación con servizos externos (servizos sociais, médicos, UACO,...).

## 17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a de benestar e convivencia | Nivel/Especialidade |
|---|---|
| Marina Mata Rivas | Orientación Educativa |

Para as accións a levar a cabo para cada obxectivo deberase ter en conta o seguinte:

- Actividades do plan de acollida.
- Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- Actividades para a adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.
- Actividades para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso

Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo: Garantir o benestar e a integración do alumnado de nova incorporación ao centro.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Comisión de acollida | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Establecemento dun grupo de acollida ao alumnado estranxeiro entre o alumnado dos grupos-clase nos que está matriculado dito alumnado. | | |
| **Responsables** | Orientadora. | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos humanos: alumnado acolledor e alumnado estranxeiro. | | |
| **Acción 2** | Ximcana de acollida | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Realización dunha ximcana de xogos e pistas para favorecer o coñecemento do centro e do persoal do mesmo por parte do alumnado estranxeiro recén chegado. | | |
| **Responsables** | Orientadora e Comisión de acollida. | | |

| | |
|---|---|
| **Recursos e materiais** | Material funxible para a elaboración das pistas e premios para os equipos gañadores. |

| **Obxectivo: Crear un espazo no centro no que se favoreza o benestar do alumnado (e o profesorado).** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Creación do equipo de igualdade e benestar emocional. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Establecemento dun equipo de alumnado e profesorado no que abordar propostas que favorezan o benestar emocional da comunidade educativa. | | |
| **Responsables** | Orientadora. | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos humanos: profesorado e alumnado voluntario.<br>Recursos materiais: material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. | | |

| **Obxectivo: Mellorar a convivencia entre o alumnado.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Obradoiros en habilidades sociais. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Realización de obradoiros para traballar as habilidades sociais, o respecto mutuo, a empatía e a comunicación asertiva. | | |
| **Responsables** | Concello, Servizo de prevención de condutas aditivas e Dpto. de Orientación. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible para a celebración dos obradoiros. | | |
| **Acción 2** | Creación dun espazo para a xestión de conflitos e a mediación escolar. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Formación ao alumnado de 3º ciclo de Educación Primaria e 1º e 2º de ESO en habilidades sociais e xestión de conflitos coa finalidade de formar un Equipo de Mediación. | | |
| **Responsables** | Orientadora e alumnado voluntario. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible para o desenvolvemento da formación. | | |

| **Obxectivo: Mellorar a xestión emocional do alumnado.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Obradoiros de xestión emocional e mellora da saúde mental do alumnado. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Realización de obradoiros para traballar diferentes ferramentas de xestión emocional (propias e alleas) e autorregulación e control de impulsos. | | |
| **Responsables** | Concello e Dpto. de Orientación. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible para a celebración dos obradoiros. | | |
| **Acción 2** | Obradoiros de prevención de condutas aditivas. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Realización de obradoiros para fomentar a prevención de condutas aditivas nas etapas de Primaria e ESO (vinculadas ás adicións de pantallas e substancias). | | |
| **Responsables** | Servizo de prevención de condutas aditivas e Dpto. de Orientación. | | |

| | |
|---|---|
| **Recursos e materiais** | Material funxible para a celebración dos obradoiros. |

| **Obxectivo: Promover a participación e a formación das familias da contorna.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Escola de Familias (detección de necesidades) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Realizar un estudo de necesidades coa participación directa das familias a fin de establecer de maneira conxunta, consensuada e realista, o plan de traballo e xuntanzas ao longo do curso. | | |
| **Responsables** | Concello, ANPA e Dpto. de Orientación. | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos dixitais para a comunicación coas familias e a elaboración de enquisa de necesidades. | | |
| **Acción 2** | Escola de Familias (xuntanzas *"Café tecendo rede")* | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Asistencia das familias ás diferentes xuntanzas e cafés con charla e formación. | | |
| **Responsables** | Concello, ANPA e Dpto. de Orientación. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible para a celebración das diferentes xuntanzas, charlas e obradoiros. | | |

## 18. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE

| **Obxectivo: Crear un espazo no centro no que se promova a reflexión sobre cuestións de xénero.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Creación do equipo de igualdade e benestar emocional. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Establecemento dun equipo de alumnado e profesorado no que se favoreza a escoita, a reflexión e o debate sobre a temática de xénero e a influencia da mesma nas relacións sociais así coma o xeito do que nos afecta a nivel individual (a mulleres e homes). | | |
| **Responsables** | Orientadora. | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos humanos: profesorado e alumnado voluntario.<br>Recursos materiais: material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. | | |
| **Acción 2** | Abordaxe da temática LGTBIQ+. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Establecemento dun grupo de traballo no equipo de igualdade e benestar emocional no que se promovan propostas para o tratamento da temática LGTBIQ+ no centro. | | |
| **Responsables** | Orientadora. | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos humanos: profesorado e alumnado voluntario.<br>Recursos materiais: material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. | | |
| **Acción 3** | Creación dun espazo nas redes sociais. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Creación e mobilización dun espazo nas redes sociais para compartir e difundir coa contorna material creado no seo do equipo de igualdade e benestar emocional. | | |

| | |
|---|---|
| **Responsables** | Orientadora e alumnado voluntario. |
| **Recursos e materiais** | Recursos humanos: profesorado e alumnado voluntario.<br>Recursos materiais: material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. |

| **Obxectivo: Celebración das datas sinaladas en materia de xénero e igualdade.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Celebración do 25N. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Elaboración dun guión de propostas para a abordaxe da violencia machista arredor da semana do 25 de novembro. | | |
| **Responsables** | Equipo de Dinamización Lingüística, Dpto. de Orientación e equipo de igualdade e benestar emocional. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. | | |
| **Acción 2** | Celebración do 11F. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Elaboración dun guión de propostas para a celebración do Día da Muller e a Nena na Ciencia. | | |
| **Responsables** | Dpto. Didácticos de ámbito científico, Dpto. de Orientación e equipo de igualdade e benestar emocional. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. | | |
| **Acción 3** | Celebración do 24F. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Elaboración dun guión de propostas para a abordaxe do Día de Rosalía, como poeta que denuncia as inxustizas que sufrían as mulleres do seu tempo. | | |
| **Responsables** | Equipo de Dinamización Lingüística, Dpto. de Lingua Galega, Dpto. de Orientación e equipo de igualdade e benestar emocional. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. | | |
| **Acción 4** | Celebración do 8M. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Elaboración dun guión de propostas para a abordaxe da igualdade entre homes e mulleres no mes de marzo. | | |
| **Responsables** | Equipo de Dinamización Lingüística, Dpto. de Orientación e equipo de igualdade e benestar emocional. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. | | |
| **Acción 5** | Celebración do 28X. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Elaboración dun guión de propostas no mes de xuño para a visibilización da realidade LGTBIQ+. | | |
| **Responsables** | Equipo de Dinamización Lingüística, Dpto. de Orientación e equipo de igualdade e benestar emocional. | | |

| | |
|---|---|
| **Recursos e materiais** | Material funxible necesario para levar a cabo as diferentes propostas. |

| **Obxectivo: Promover a formación das familias en materia de educación sexual e afectiva.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Escola de Familias (formación en educación sexual) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Realización de formacións na Escola de Familias, orientadas á abordaxe da educación sexual e afectiva dos fillos e fillas. | | |
| **Responsables** | Concello, ANPA e Dpto. de Orientación. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible para a celebración das diferentes xuntanzas, charlas e obradoiros. | | |

| **Obxectivo: Promover unha orientación vocacional e profesional libre de estereotipos de xénero.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Participación no programa "Que non te líen, ti elixes". | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Participación nas charlas organizadas no marco do programa "Que non te líen, ti elixes", para o cal resultamos seleccionados (grupos de 3º e 4º da ESO). | | |
| **Responsables** | Dpto. de Orientación. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible para a celebración das charlas. | | |
| **Acción 2** | Orientación profesional e vocacional. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Realizar dende o Dpto. de Orientación unha orientación académica, vocacional e profesional libre de estereotipos de xénero e con referentes, promovendo entre as rapazas profesións tradicionalmente masculinizadas e entre os rapaces profesións tradicionalmente feminizadas. | | |
| **Responsables** | Dpto. de Orientación. | | |
| **Recursos e materiais** | Aula Virtual e material funxible para a orientación do alumnado. | | |

# 19. PLURILINGÜISMO

## 19.1. Profesorado Responsable

| Nome Coordinador/a | Horas redución |
|---|---|
| Mª Asunción Aller Alamancos | 1 |
| **Nome profesores AICLE/CLIL** | **Nivel/Especialidade** |
| Xacobe Varela Álvarez | Titor de Primaria- Francés |
| Mª Isabel Vilela Fernández | LE: Inglés |
| Mª Asunción Aller Alamancos | LE: Inglés |
| | Seleccione |

## 19.2. SECCIÓNS BILINGÜES/PURIINFANTIL/PLURIBACH/PLURIFP

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Nº alumnado nova incorporación | Teñen autorización por escrito dos pais | Materias | Lingua estranxeira |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 4º EI | 1 | 12 | 12 | Sí ☐ Non ☐ | Descubrimento e exploración da contorna | Inglés |
| 5º EI | 1 | 12 | 1 | Sí ☐ Non ☐ | Descubrimento e exploración da contorna | Inglés |
| 6º EI | 1 | 15 | 0 | Sí ☐ Non ☐ | Descubrimento e exploración da contorna | Inglés |

## 19.3. CENTROS PLURILINGÜES

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Materias | Lingua estranxeira |
|---|---|---|---|---|
| 1º EP | 1 | 14 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 2º EP | 1 | 20 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 3º EP | 1 | 9 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 4º EP | 1 | 17 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 5º EP | 1 | 21 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 6º EP | 1 | 15 | Educación Plástica e Visual | Inglés |

## 19.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

O mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe no noso centro son os seguintes:
Ao longo do curso escolar lévase a cabo un seguimento do programa plurilingüe a través da observación e análise dos resultados do alumnado tanto na materia de Educación Plástica e Visual como na de inglés. Tamén se realizan informes trimestrais en relación á participación e traballo da auxiliar de conversa en colaboración co profesorado participante no programa.
Ao finalizar o curso elabórase unha memoria onde se fai unha valoración do grao de adquisición dos obxectivos así como da participación do profesorado, auxiliar de conversa e alumnado. Inclúense tamén propostas de mellora para os vindeiros anos.

## 19.5. Mecanismos de seguimento e avaliación do auxiliar de conversa

| Nome Auxiliar de conversa | Horas lectivas semanais |
|---|---|
| Lucy Riddell | 16 |
| **Tarefas** | |
| Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula | Sí ☒ Non ☐ |
| Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos | Sí ☒ Non ☐ |
| Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula | Sí ☒ Non ☐ |
| Outras tarefas (especificar): Acompañamento ao alumnado e profesorado en actividades complementarias e festividades. | Sí ☒ Non ☐ |

# 20. PLAN PROXECTA+

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa.

| Plan Proxecta+ | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | ALÍATE CO RÍO<br>Dende o curso pasado, varios profesores do noso centro educativo veñen colaborando coa asociación ADEGA e desenvolvendo unha serie de accións educativas encamiñadas cara o coñecemento e coidado dos ríos do noso concello. O obxectivo deste proxecto é ampliar estas accións en canto contidos, pero sobre todo achegalo á maioría da comunidade educativa, de xeito que se poida implicar a todo o alumnado do colexio dende Educación Infantil, Educación Primaria e ata a ESO, para desenvolver a sensibilidade ambiental do alumnado dende os primeiros anos.<br>Por outra banda, este curso o tema elixido pola biblioteca como eixo vertebrador de todas as actividades do centro é o Bosque, polo que temos unha boa oportunidade de poñer en valor a importancia do coidado e conservación dos ríos para o noso ecosistema. Tendo en conta isto e as características propias do Concello de Touro, así como as singularidades que nos rodean, fai necesario favorecer que o alumnado adquira unha progresiva conciencia ecolóxica. | | |
| **Obxectivos** | Desenvolver actitudes e condutas de coidado e conservación do medio ambiente<br>Fomentar a conciencia ecolóxica de toda a comunidade educativa<br>Tomar consciencia da repercusión na nosa saúde do ecosistema que nos rodea<br>Dar a coñecer os ecosistemas acuáticos e a repercusión das nosas accións sobre eles.<br>Coñecer diferentes sinais e indicadores da pureza da auga (flora, fauna, sedimentos,...) | | |
| **Cursos implicados** | **Todos os cursos do centro** | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Limpar e manter os tramos dos ríos indicados. | | |

| | |
|---|---|
| | Recoñecer os seres vivos propios do noso ecosistema fluvial.<br>Identificar factores contaminantes do río.<br>Adoptar comportamentos axeitados para a conservación dos ríos. |
| **Responsables** | Lucía Sevio Barrio |
| **Actividades** | Observación e toma de mostras nos ríos Lañas e Portapego de Touro<br>limpeza do tramo situado entre a área recreativa de Santaia ata Muíños da Carballa (2 km).<br>Roteiro botánico no río Lañas.<br>Roteiro de interpretación patrimonial.<br>Roteiro de interpretación de flora e fauna.<br>Realización de saídas formativas: nelas levarase a cabo unha inspección guiada (por membros de ADEGA e/ou profesorado) do treito de río escollido. Estas saídas, sempre adaptadas a cada nivel educativo, consisten na inspección visual, toma de datos (características físico-químicas e organolépticas) por parte do alumnado e na recolección de mostras de macroinvertebrados bentónicos para a súa posterior análise no laboratorio. Os datos recollidos servirán para comparar cos recollidos no curso pasado.<br>Prácticas no laboratorio para recoñecer os principais grupos de macroinvertebrados bentónicos a través da obsevación directa e coa axuda de lupas de mesa.<br>Obradoiros de análise e tratamento de datos nos cales o alumnado se introducirá no emprego de ordenadores e no manexo de follas de cálculo para a análise de datos.<br>Charla divulgativa no centro levada a cabo por algún experto na materia sobre fauna e flora dos ríos e a contaminación fluvial.<br>Visitas e limpezas encabezadas polo alumnado que asistisen a algunha das saídas formativa co Biólogo de ADEGA.<br>Elaboración de carteis científicos para concienciar sobre a necesidade de coidado ambiental dos ríos e reducir a contaminación que serán expostos no centro educativo.<br>Presentación por parte do alumnado de 1º de ESO para o resto do alumnado do funcionamento dunha ETAP e dunha EDAR. Valorarase a visita escolar a algunha instalación da contorna. |

## 21. CONTRATOS-PROGRAMA

| Liña de actuación: 02. IGUÁLA-T | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Programa destinado á prevención e abordaxe da violencia de xénero, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes  e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. | | |
| **Obxectivos** | Reflexionar sobre a perspectiva de xénero que supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual. | | |
| **Cursos implicados** | 6º de Educación Primaria.<br>1º e 3º ESO. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de actividades desenvolvidas para a prevención e abordaxe da violencia de xénero a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes  e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. | | |
| **Responsables** | | | |
| **Actividades** | – Crear un espazo concreto no centro no que se favoreza a escoita, a reflexión e o debate sobre a temática de xénero e a influencia da mesma nas relacións sociais e o xeito do que nos afecta a nive lindividual (a mulleres e homes).<br>– Formación a través de obradoiros para traballar os obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...).<br>– Asesoramento dirixido ás familias sobre a diversidade afectivo-sexual, e a detección de situacións de abuso, marxinación e discriminación por razón de sexo na vida cotiá do alumnado.<br>– Asesoramento ó profesorado para traballar de xeito curricular estas temáticas. | | |

| Liña de actuación:  03. CONVIVE-T | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Programa destinado á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, á promoción da resolución pacífica de conflitos e á prevención e  abordaxe do acoso escolar e ciberacoso. | | |
| **Obxectivos** | Desenvolver dinámicas que favorezan a convivencia entre o alumnado e a acollida do alumnado de nova incorporación (especialmente do alumnado de incorporación tardía procedente do estranxeiro que descoñece o idioma).<br>Aprender a detectar situacións de abuso e acoso que se poidan dar no centro escolar. | | |
| **Cursos implicados** | 2º e 4º de Educación Primaria.<br>2º e 4º de ESO. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de casos resoltos pola vía da mediación.<br>Porcentaxe de redución das faltas de orde, apercibimentos e sancións | | |

| | |
|---|---|
| | |
| **Responsables** | Dpto. de Orientación e persoas titoras de 2º EP, 4º EP, 2º ESO e 4º ESO máis os 4 membros do equipo directivo. |
| **Actividades** | Formación dunha Comisión de Acollida entre o alumnado para garantir o benestar e integración do alumnado de nova incorporación ao centro.<br>Crear un espazo concreto no centro para a xestión de conflitos e a mediación entre o alumnado.<br>Formación a través de obradoiros para traballar as habilidades sociais, o respecto mutuo, a empatía e a comunicación a través das redes sociais.<br>Asesoramento dirixido ás familias sobre a xestión de conflitos na contorna familiar.<br>Formación específica do profesorado na abordaxe do acoso escolar e ciberacoso. |

| **Liña de actuación: 05. EMOCIÓNA-T** | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Programa destinado a desenvolver no alumnado a conciencia emocional, a regulación emocional, autoestima, habilidades sociales e habilidades de vida. | | |
| **Obxectivos** | Favorecer espazos seguros e de confianza que faciliten a comunicación a reflexión conxunta, así coma o benestar intra e interpersoal do alumnado, profesorado e familias. | | |
| **Cursos implicados** | 4ª,5º e 6º de Educación Infantil.<br>3º de Educación Primaria.<br>3º de ESO. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de accións encamiñadas á mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa.<br>Porcentaxe de incremento do benestar emocional, persoal e social da comunidade educativa. | | |
| **Responsables** | Orientadora. 4 Mestras de Infantil e Titores de 5º e 3º ESO, Mestra de AL | | |
| **Actividades** | Crear un espazo concreto no centro no que se favoreza a escoita, a xestión das emocións e, por tanto, o benestar do alumnado.<br>Formación a través de obradoiros para traballar diferentes ferramentas de xestión emocional (propias e alleas) e autorregulación e control de impulsos.<br>Asesoramento dirixido ás familias sobre a xestión das emocións no fogar e as pautas básicas para unha crianza respectuosa.<br>Creación dun sitio temático na aula virtual do centro con actividades especificas en materia de saúde mental. | | |

## 22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

- Enumeración dos plans
- Concreción das actividades establecidas en cada plan.
- Temporalización.

| **Plan/Proxecto: especificar** | |
|---|---|
| **Descrición do programa** | Programa destinado a potenciar de xeito prioritario, o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e plurilingüe e a competencia cidadá a través dun elenco de películas de cinema clásico e de autor en versión orixinal subtitulada en inglés coidadosamente seleccionadas polo mestre encargado de levalo a cabo. |
| **Obxectivos** | Integrar e potenciar reciprocamente as linguaxes verbal (oral e escrita) e audiovisual. |

| | |
|---|---|
| | Abrir a mente do alumnado á multiculturalidade. |
| **Cursos implicados** | 5º e 6º |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ **2º T** ☒ **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de películas visionadas fóra das marxes dominantes do mercado, apostando polos grandes clásicos e polo cinema de autor. |
| **Responsables** | Mestre de Ed. Física. Coord. TIC |
| **Actividades** | Visionado da película seleccionada sempre en versión orixinal subtitulada.<br>Ficha completa da película e datos técnicos.<br>Resume (utilizando esquemas e combinando resumes curtos ou longos, para traballar diferentes estratexias de síntese).<br>Valoración persoal, conforme a unha serie de preguntas e ás apreciacións do alumnado.<br>Final inventado. Para promover a creatividade, pídese a redacción dun final inventado que amplíe a película, de xeito libre ou a partir de premisas facilitadas polo docente.<br>Realización dun podcast no estudio da "Radio na Biblio" sobre a película que se difunde a través da web do centro.<br>Realización de entrevistas a directores de cinema destacados (Víctor Erice, David Vázquez). |

## 23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.
  A solicitude formulada pola ANPA formúlase ante a dirección do centro e resolve esta mesma.
  As solicitudes de cesión de espazos formuladas polo Concello de Touro e polo presidente da Banda Municipal "Isabel II" precisan da autorización por parte da Xefatura Territorial. Preséntanse ás solicitudes ao Consello Escolar. Unha vez aprobada a cesión de espazos envíase a acta de aprobación xunto coas solicitudes á Xefatura Territorial.
- Horarios dispoñibles.
  Tardes de luns a venres a partires das 16:05 ata as 21:00. Sábados de 10:30 a 12:30 e de 16:00 a 21:00.

- Solicitudes xa cursadas.

| **Instalación: AULA DO CLUB DE LECTURA e XIMNASIO** | | | |
|---|---|---|---|
| **Entidade que a usa** | **ANPA** | | |
| **Participan membros da comunidade educativa** | ☒ Alumnado | ☐ Pais | ☐ PAS |
| **Horario de uso** | Aula Club Lectura: Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres de 08:00 a 09:45<br>Ximnasio: Venres: 14:00 a 15:15 | | |
| **Instalación: AULA DO CLUB DE LECTURA, AULA DE INFORMÁTICA ESO, AULA DE INGLÉS DE PRIMARIA. AULA DE DESDOBRE.** | | | |
| **Entidade que a usa** | **CONCELLO DE TOURO** | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Participan membros da comunidade educativa** | ☒ Alumnado | ☐ Pais | ☐ PAS |
| **Horario de uso** | Aula Club Lectura: Venres de 14:00 a 17:05.<br>Aula de Informática ESO: Martes de 16:05 a 17:05<br>Aula de Inglés Primaria:Luns e Mércores de 17:00 a 20:00<br>Aula de desdobre: Xoves de 17:00 a 18:00 | | |
| **Instalación: AULAS DESDOBRE, 5º, 6º, AUDIOVISUAIS E ESPAZO ABERTO SAÍDA POSTERIOR 1ª PLANTA. AULAS 2,3,4 E 5 DA PLANTA BAIXA. ALMACÉN DOS INSTRUMENTOS.** | | | |
| **Entidade que a usa** | **BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA "ISABEL II"** | | |
| **Participan membros da comunidade educativa** | ☒ Alumnos | ☐ Pais | ☐ PAS |
| **Horario de uso** | Todos os espazos indicados neste apartado son usados os sábados de 10:30 a 12:30 e de 16:00 a 21:00. | | |

## 24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- Establecemento de medidas dunha avaliación do funcionamento do centro: resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidades educativa.
- Medidas e recursos para levala a cabo.
- Temporalización.

| | Medidas e recursos | Temporalización |
|---|---|---|
| Avaliación de resultados académicos | Avaliación inicial; revisión de informes do alumnado do curso anterior, revisión das memorias de final de curso para coñecer a situación de partida do alumnado no presente curso. | Última semana de setembro. |
| | Avaliacións trimestrais e final; sesión de avaliación. | Ao remate do 1º,2º e 3º trimestre. |
| | Análise e valoración dos resultados acadados polo alumnado por parte do profesorado de cada materia. Valoración dos mesmos a través dos procedementos sinalados nas programacións didácticas. | Ao longo de cada trimestre |
| | Valoración dos resultados acadados polo alumnado a través da memoria final do curso de cada materia. | Ao final do curso. |
| | Realización de estatísticas ao remate de cada avaliación co nº de aprobados por materias, curso, que son analizadas pola CCP e o Claustro. | Despois de cada avaliación trimestral |
| | Seguimento dos resultados académicos e posibles necesidades do alumnado a través das reunión de coordinacións de ciclo, CCP. | Mensualmente |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| Práctica docente | Análise e valoración da propia práctica docente a través da aplicación Proens tendo en conta os indicadores recollidos na programación de cada materia. | Ao longo de cada trimestre |
| | Valoración da propia práctica docente e propostas de mellora que se inclúen na memoria final. | Ao  final do curso. |
| Relacións coa comunidade educativa | Sesión de acollida ás familias. | O primeiro día do curso escolar. |
| | Reunión de inicio de curso de cada titor/a  para presentación e explicación da organización do curso. | 2 Primeiras semanas de outubro. |
| | Envío de circular informativa ás familias que contén un  extracto das NOF, organización do curso escolar(calendario escolar, celebracións, horario de titorías de todo o profesorado, comunicación do PDI da biblioteca, información relevante sobre os servizos de comedor e transporte. | Ao inicio do curso escolar. |
| | Comunicación por escrito ás familias dos criterios de cualificación de cada área e materia. | Ao inicio de curso. |
| | Solicitude  de diversas autorizacións ás familias necesarias  para a optimización do deber de garda e custodia do alumnado. | Ao inicio de curso. |
| | Información  sobre actividades ou eventos destinados á comunidade educativa ao longo do curso a través de mensaxería Abalar e/ ou circulares impresas. | Ao longo do curso. |
| | Establecemento de canles variadas de comunicación e información coas familias: a través da axenda escolar que o centro entrega ao alumnado nos comezos de curso, a través de circulares, notas informativas, AbalarMóbil, publicacións na páxina web do centro, correo electrónico do centro, titorías telefónicas e/ou presenciais, etc. | Ao longo dos tres trimestres do curso. |
| | Entrega de boletíns de cualificación  trimestrais do alumnado e publicación de notas en Abalar. | Ao remate de cada trimestre. |

Touro, 10 de novembro de 2023.

Asdo.: Mª Carmen Rendo López
A Directora.